

---

## **1.- INTRODUCCIÓN**

---

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten entre as súas funcións a de dar a coñecer ó Goberno galego a súa opinión sobre a execución dos plans e programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode elaborar, por solicitude da Xunta ou por propia iniciativa, estudos ou informes sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade.

No marco destas funcións, o Pleno do CES-Galicia decidiu, na súa sesión do 4 de febreiro de 2002, por propia iniciativa, aborda-la elaboración dun informe-opinión sobre a posta en marcha do cluster do audiovisual en Galicia.

Os traballos de redacción deste informe-opinión foron encargados á Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón de materia.

O día 29 de abril, na sesión 7/02 da Comisión Sectorial, compareceron o director xeral de Comunicación social e do audiovisual e o director xeral da Compañía Radiotelevisión de Galicia.

A Comisión Permanente tramitou a proposta de informe-opinión na súa sesión 3/02, celebrada o 27 de maio.

O texto definitivo do presente informe-opinión sobre a posta en marcha do cluster do audiovisual en Galicia foi aprobado por unanimidade polo Pleno do CES na súa sesión 4/02, de 3 de xuño.

---

## **2.- OBXECTO**

---

O obxecto deste informe-opinión é darlle a coñecer ó Goberno galego as consideracións das entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello Económico e Social de Galicia sobre a oportunidade da posta en marcha do cluster do audiovisual de Galicia.

---

### **3.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

---

O informe-opinión sobre a posta en marcha do cluster do audiovisual en Galicia estrutúrase en 5 apartados e inclúe dous anexos:

▶ 1º.- En primeiro lugar estúdase o sector audiovisual galego atendendo á súa consideración dentro do Plan de Desenvolvemento de Galicia (PEDEGA), e sinalando a normativa que lle afecta, en especial a Lei do audiovisual de Galicia

▶ 2º.- En segundo lugar realízase unha análise para o ano 2000 do sector que se centra exclusivamente nas empresas da mostra do ámbito da produción de acordo cos datos proporcionados polas asociacións do sector: Asociación Galega de Productoras Independentes (AGAPI) e Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual (AEGA) e mailo Rexistro Mercantil.

▶ 3º.- Expónse a comparecencia ante o CES do director xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

▶ 4º.- Expónse a comparecencia ante o CES do director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG).

▶ 5º.- Realízase un resumo do “Plan estratéxico do sector audiovisual galego (2002-2005)” elaborado por AGAPI.

▶ Anexo I: Terminoloxía.

▶ Anexo II: Análise sobre o sector audiovisual galego. Documento aportado polo director xeral de Comunicación Social e Audiovisual na súa comparecencia na Comisión Sectorial.

### ▶ 3.1.- O sector audiovisual na Comunidade Autónoma

#### • *Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia ( PEDEGA)*

O Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 recolle a proposta estratéxica xeral de política socioeconómica da Xunta de Galicia. A proposta está constituída sobre dúas bases: Unha reflexión prospectiva dos escenarios razoables do contorno no que se moverá o sistema económico galego no futuro, e unha definición dos grandes fins socioeconómicos que ten Galicia e a súa tradución en obxectivos finais para o plan. Eses obxectivos están baseados na consistencia interna, a adecuación ós problemas e oportunidades de desenvolvemento e á capacidade operativa para os pór en marcha.

Entre as accións prioritarias, **obxectivos finais**, sinaladas no PEDEGA, cabe salientala de potencia-la concorrencia do núcleo productivo de Galicia.

Este obxectivo oriéntase á configuración e desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente.

A fórmula operativa é estrutura-las medidas que se van pór en marcha dentro de programas integrados de medidas para os complexos ou agrupamentos ("clusters") de actividades singularmente relevantes para Galicia. A estratexia sectorial sintetízase en dúas fronteas básicas:

1.- Integración de redes productivas: aumento das ligazóns intersectoriais orientado á extensión da cadea de valor engadido.

2.- Renovación/diversificación: modernización de produtos, procesos e canles comerciais nas actividades nas que Galicia conta coas vantaxes competitivas derivadas do saber facer, xunto á potenciación de novos complexos que contan xa cun relativo desenvolvemento e asentamento en Galicia:

- Agro-gandeiro
- Silvicultura/explotación forestal/madeira
- Mar/industria (pesca/marisqueo/acuicultura/industria conserveira e afíns)
- Clusters industrias de importancia singular (pedra natural, construción naval, confección/téxtil e telecomunicacións/audiovisual, que integra tamén certas actividades emerxentes de servizos ligados á produción e difusión de información, ocio e cultura).
- Turismo selectivo.

O PEDEGA considera de alto valor estratéxico o obxectivo intermedio de potencia-lo desenvolvemento integrado dos complexos industriais abertos ó exterior de singular importancia para Galicia. Dentro das medidas incluídas neste obxectivo intermedio, dúas afectan especificamente ó sector audiovisual:

- 1.- Medidas de asesoramento e apoio financeiro ós proxectos innovadores das empresas do sector audiovisual (cine, televisión, vídeo e multimedia).
- 2.- Promoción do desenvolvemento tecnolóxico da industria audiovisual de Galicia: apoio ós proxectos de I+D e de mellora do equipamento tecnolóxico.

Para o PEDEGA 2000-2006, as actividades articuladas arredor do **audiovisual** resultan especialmente relevantes pola súa singular implantación en Galicia, que deu lugar a súa cualificación como actividade prioritaria para a rexión na recente Lei sobre o audiovisual. (...) Trátase, pois, dun momento clave para promove-lo despegue dun sector audiovisual en Galicia que poida converterse no terceiro centro nacional de produción, despois de Madrid e Barcelona. A puxanza do empresariado galego neste ámbito, o control rexional dos procesos de produción, a dispoñibilidade de técnicos galegos en labores especializados ou as boas expectativas de mercados existentes na actualidade, que superan os 3.000 millóns de pesetas, son outros activos rexionais que avalan o conve-niencia de impulsa-lo sector.

#### • *Marco normativo*

O 8 de setembro de 1999 o Diario Oficial de Galicia publicou a Lei 6/1999, do 1 de setembro do audiovisual de Galicia; o consenso acadado na aprobación de dita Lei mostra a consideración do sector audiovisual como estratéxico o que queda claramente reflectido na exposición de motivos da mesma:

*“Tódolos elementos que conforman o campo do audiovisual estanse situando nun primeiro plano dentro dos sectores industrial e económico en todo o mundo, xerando nas últimas décadas un gran volume de negocio e de emprego directo e indirecto, así como desenvolvendo de forma paralela novos sectores do ensino universitario, profesional e de investigación.*

*(...) Por iso, tendo en conta a importancia cultural e económica do sector audiovisual, cómpre que se estimule o crecemento e o desenvolvemento deste sector estratéxico coa creación dun marco legal que lles permita ós cidadáns expresarse cos medios oportunos dentro do noso espacio audiovisual e cultural”.*

Este marco legal establecido pola propia Lei debe estar inspirado nunha

“política xeral”, a definición da cal lle corresponde ó Goberno galego. En efecto, o Consello da Xunta de Galicia ten atribuído polo art. 2 a) da Lei do audiovisual “a definición da política xeral da Xunta de Galicia no campo do audiovisual”, que se debe facer “por proposta da Consellería de Cultura” (art. 3a). O desenvolvemento pleno da Lei do audiovisual prevé como primeiro paso ese pronunciamento do Consello da Xunta de Galicia que achegue contido real e efectivo á consideración do audiovisual como sector estratéxico.

Por outra banda, o Decreto 279/1999 describe as funcións do Consello Asesor das Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que, basicamente, son as de emitir informes, nalgúns casos perceptivos, e arbitrar en posibles conflitos, mentres que a Lei encoméndalle ó Consorcio Audiovisual especificamente a potenciación do desenvolvemento do sector.

A Lei do audiovisual dispón que a Xunta de Galicia e, máis expresamente, a Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, deben promover a constitución dun Consorcio Audiovisual, con participación das administracións e entidades interesadas.

*“Considérase axeitado –di a exposición de motivos da Lei 6/1999– crear un consorcio das diversas administracións, autonómica, local e institucional, e de institucións e empresas que una esforzos para a potenciación da industria audiovisual galega e que propicie a implicación e colaboración doutras administracións, institucións e empresas públicas e privadas para o mesmo fin”.*

Máis adiante, no art. 9 do texto legal, dáse forma a este mandato legislativo do seguinte modo:

*“Artigo 9º.-Potenciación das accións institucionais: do Consorcio Audiovisual de Galicia.*

*1.- Para a potenciación institucional das accións tendentes ó desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia, as administracións e entidades interesadas convirán a constitución do Consorcio Audiovisual de Galicia.*

*2.- A consellería competente en materia audiovisual promoverá a constitución do devandito consorcio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.*

*3.- O devandito consorcio terá a condición de entidade de dereito público de carácter interadministrativo e contará cun patrimonio propio.*

*4.- Neste consorcio poderán participar entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan os fins de interese público concorrentes cos das administracións e entidades públicas consorciadas.*

*5.- O consorcio financiarase con achegas das entidades que o constitúan, sen*

*prexuízo dos demais medios económicos que lle correspondan conforme ó seu réxime xurídico.*

*6.- O consorcio promoverá a formalización de convenios de colaboración con fundacións, asociacións e empresas que teñan interese no desenvolvemento do sector audiovisual galego. Asemade, promoverá a creación dunha oficina do audiovisual (film comission) para fomentar e facilita-las rodaxes en Galicia”.*

### ▶ 3.2.- Análise económico do sector audiovisual galego

No ano 2002 o número de empresas do sector da produción audiovisual de Galicia con actividade comprobada ascende a 93 empresas (**cadro 1**), incluíndo tanto sociedades como empresarios individuais. Tamén poden considerarse como elementos directamente implicados no sector as televisións de ámbito local, autonómicas e nacionais con espazo de desconexión, as escolas de imaxe e son e as distribuidoras cinematográficas.

No que respecta ás empresas produtoras do sector do audiovisual en Galicia, e tendo en conta que a mostra das empresas con datos é do 48,3% das empresas do sector, tal como se mostra no **cadro 2**, a facturación total para o ano 2000 ascendeu a 34,2 millóns de euros, acollendo a 1.215 traballadores, dos que 385 son traballadores fixos e a 830, eventuais.

As dúas asociacións (AGAPI e AEGA) acollen ó 53,7% das empresas da mostra do sector, estando o 46,3% restante consideradas na análise como non asociadas.

Sen embargo, tendo en conta o volume de facturación, dados os datos da mostra, o 99,3% da facturación total das produtoras en Galicia corresponde ás empresas asociadas a AGAPI e AEGA.

Dun xeito máis concreto, de seguido estúdanse as empresas segundo o criterio marcado de dividilas en función da asociación a que pertencen.

Neste senso, no **cadro 3** móstranse os datos económicos para o ano 2000 das 9 empresas asociadas a AEGA, que representan o 60% da facturación total das produtoras galegas da mostra, cunha facturación para o ano 2000 de 20,6 millóns de euros. Dentro desta asociación destacan “CTV, SA” e “NTR Telefábrica, SA” con máis dun millón de euros de facturación no citado ano, destacando así mesmo estas empresas polo volume de investimento e persoal empregado.

## ► Cadro 1

**Productoras do sector audiovisual galego con actividade comprobada no ano 2002**

Empresa	Asociación
Abrago Filmes	Non Asociada
Adai Filmes, S.L.	AGAPI
Adivina Producciones, S.L.	AEGA
Amencer	Non Asociada
Área 5.1 Factoría Aud.	AGAPI
Artemática, S.L.	AGAPI
Atlántico Films, S.L.	AGAPI
Atlantis Multimedia	Non Asociada
Bantua Produccións	Non Asociada
Bonaval	AGAPI
Bren Enterteinment, S.A.	AGAPI
Buxo Produccións	Non Asociada
Canal 13, S.L.	Non Asociada
Carlos Aurelio López Piñeiro	Non Asociada
Cartón Películas	Non Asociada
Cies comunicación	AGAPI
Continental Producciones (1)	AGAPI
Cósmica	Non Asociada
Costa Oeste	AGAPI
Costafreda Filmes	AGAPI
CTV, S.A.	AEGA
Dime que sí, S.L.	Non Asociada
Dygra	AGAPI
EAF producciones	Non Asociada
Editorial Compostela, S.A.	AEGA
Enxebre Producciones	Non Asociada
Esferobite, S.C.	Non Asociada
Estudio 99	AGAPI
Estudio Uno de Doblaje, S.A.	AGAPI
Fenda Filmes, S.Coop.Ltda.	AGAPI
Formato Video	AGAPI
Foto Pereira, S.L.	Non Asociada
Foto Sergio y Logavideo, S.L.	Non Asociada
Galicia Media, S.L.	Non Asociada
Galizazul, S.L.	Non Asociada
I Latina Software, S.L.	Non Asociada
I.J.V. Producciones	AGAPI
Ibisa Televisión, S.L.	AGAPI
Ignacio Benedetti Cinerma , S.L.	Non Asociada
Imaxin, S.C.	Non Asociada
Interacción, S.L.	AGAPI
Interarte Consulting, S.L.	Non Asociada
Iris Produccións	Non Asociada
La Región TV, S.A.	AEGA
Limala Produccións	AGAPI
Lir creacions	AGAPI
Lorelei Producciones, S.L.	AGAPI
Lúa films	AGAPI
Lugo Press, S.L.	AEGA
Luisa Sieiro Fortes	Non Asociada
Manivela Producciones, S.L.	Non Asociada
Mara Producciones	AGAPI
Miguel Asensio, Producciones	AGAPI
Movie Video	Non Asociada
Nemedón, S.L.	Non Asociada
NTR Telefábrica, S.A.	AEGA
Off Filmes, S.L.	AGAPI
Olympus Comunicación, S.L.	Non Asociada
Ophiua, S.L.	Non Asociada
Panorámica, S.L.	Non Asociada
Portico Comunicación, S.L.	AGAPI
Portozás Visión, S.L.	AEGA
Producciones Federico de la Peña	Non Asociada
Producciones Khartún, S.L.	Non Asociada
Producciones Sierra Madre	Non Asociada
Producciones SP-TV	AGAPI
Producciones Vigo, S.L.	AGAPI
Productora Faro (1)	AGAPI
Productora Faro-Lérez, S.L.	AGAPI
Productora Videogal, S.L.	Non Asociada
Quenda	Non Asociada
Ringo Rango, S.L.	AGAPI
Servicios Audiovisuales Galegos SAGA TV	AGAPI
Seypro	AGAPI
Sintese Video Infografía, S.L.	Non Asociada
Sodinor, S.A.	AGAPI
Soluciones Dixitais Avanzadas, S.L.	Non Asociada
Studio XXI (1)	AGAPI
Sun Lua, S.L.	AGAPI
Synco	Non Asociada
Tele Vigo, S.L.	Non Asociada
Tomás Conde Rodríguez (Algarabía Animación)	Non Asociada
TRIADE Comunicación de empresas, S.L.	AGAPI
TV 7, Productora Video, S.L.	AEGA
UTEGA, S.A.	AEGA
V.D.P., Video Profesional	AGAPI
Vanenfurgo, S.L.	Non Asociada
Vía Láctea Filmes, S.L.	AGAPI
Video Zetra Servicios Audiovisuais, S.L.	AGAPI
Voz audiovisual S.A	Non Asociada
Xamalú Filmes, S.L.	Non Asociada
Zenit Multimedia, S.A.	AGAPI
Zopliote, S.L.	Non Asociada

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de AGAPI, AEGA e Rexistro mercantil

► **Cadro 2**

**Datos económicos 2000 das empresas produtoras da mostra do audiovisual de Galicia**

	Empresas con datos		Ingresos de explotación		Empregados fixos		Empregados eventuais	
	número	%/total mostra	(miles de €)	%/total mostra	número	%/total mostra	número	%/total mostra
AGAPI	41	70,73	13.375,24	39,03	224	58,18	411	49,52
AEGA	9	100	20.683,23	60,35	155	40,26	418	50,36
Non asociadas	43	16,28	211,70	0,62	6	1,56	1	0,12
<b>Total</b>	<b>93</b>	<b>48,39</b>	<b>34.270,17</b>	<b>100,00</b>	<b>385</b>	<b>100,00</b>	<b>830</b>	<b>100,00</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de AEGA, AGAPI e Rexistro Mercantil

► **Cadro 3**

**Datos económicos 2000 das empresas da mostra do Audiovisual de Galicia con actividade comprobada no ano 2002 - Productoras asociadas a AEGA**

	Fondos propios		Capital suscrito	Ingresos de explotación		Inversión	Empregados		Resultados
	(en miles de €)	%/total muestra		(en miles de €)	%/total muestra		Fixos	Eventuais	
Adivina Producciones, S.L.	72,1	3,0	1.081,8	607,0	8	16	88,9		
CTV, S.A.	3.065,2	1.803,0	7.260,2	9.291,6	62	124	229,0		
Editorial Compostela, S.A.	1.682,8	901,5	1.971,3	697,2	6	58	-		
La Región TV, S.A.	60,1	60,1	372,6	685,2	4	8	-		
Lugo Press, S.L.	9,0	9,0	120,2	132,2	2	4	-		
NTR Telefábrica, S.A.	5.619,5	5.619,5	7.188,1	6.527,0	38	128	1.235,7		
Portozás Visión, S.L.	63,7	63,7	1.543,4	900,3	12	30	143,0		
TV 7, Productora Vídeo, S.L.	48,1	24,0	1.036,7	44,5	7	32	10,2		
UTEGA, S.A.	3.005,1	3.005,1	108,8	1.403,4	16	18	-		
<b>Total</b>	<b>13.625,5</b>	<b>11.488,9</b>	<b>20.683,2</b>	<b>20.288,4</b>	<b>155</b>	<b>418</b>	<b>1.706,9</b>		

Fonte: AEGA



► **Cadro 4****Datos económicos 2000 das empresas da mostra do Audiovisual de Galicia con actividade comprobada no ano 2002 - Productoras asociadas a AGAPI**

	Ingresos de explotación	Empregados		% vendas fora de Galicia
		Fixos	Eventuais	
<i>(en miles de €)</i>				
Área 5.1 Factoría Aud.	385,49	80	1	7,00
Artemática, S.L.	83,10	1	3	-
Bonaval	61,03	1	3	-
Bren Entertainment, S.A.	781,32	30	10	100,00
Cies Comunicación	415,75	6	3	-
Continental Producciones (1)	1.799,30	9	66	85,00
Costa Oeste	1.183,99	2	58	20,00
Dygra	480,30	3	1	-
Estudio 99	63,11	6	4	58,00
Estudio Uno de Doblaje, S.A.	377,18	6	4	58,00
Fenda Filmes, S.Coop.Ltda.	35,76	1	-	12,00
Formato Vídeo	424,60	3	2	30,00
Ibisa Televisión, S.L.	153,46	3	2	30,00
Interacción, S.L.	307,81	2	5	19,06
Limaia Produccións	104,74	4	3	43,00
Lúa films	656,66	6	-	-
Off Filmes, S.L.	33,48	1	-	-
Pórtico Comunicación, S.L.	1.100,94	8	44	-
Producciones Vigo, S.L.	38,94	-	8	-
Productora Faro (1)	1.663,72	15	30	8,00
Productora Faro-Lérez, S.L.	457,41	-	14	7,00
Servicios Audiovisuales Galegos SAGA TV	168,54	18	-	-
Sodinor, S.A.	519,88	5	2	8,00
Studio XXI (1)	779,04	8	13	5,00
Sun Lua, S.L.	60,70	2	8	59,40
TRIADE Comunicación de empresas, S.L.	114,19	-	2	40,00
Vía Láctea Filmes, S.L.	145,55	-	25	40,00
Vídeo Zetra Servicios Audiovisuais, S.L.	100,52	4	2	74,72
Zenit Multimedia, S.A.	878,73	-	98	1,44
<b>Total</b>	<b>13.375,24</b>	<b>224</b>	<b>411</b>	

(1) Fonte: *Rexistro Mercantil*  
Fonte: AGAPI

O volume total de emprego das produtoras asociadas a AEGA ascendeu no ano 2000 a 573 empregados, dos que 418 son traballadores eventuais e 155 fixos. Isto supón o 47,1% do emprego total da mostra de produtoras do sector, o 40% do emprego fixo e o 50% do emprego eventual. Finalmente é importante salientalo feito de que o 26% do emprego fixo total das produtoras galegas da mostra corresponde as dúas empresas citadas con anterioridade.

No que respecta ás empresas asociadas a AGAPI (**cadro 4**), das 41 empresas totais, os datos de mostra corresponden a 29 delas, isto é, ó 70,73% da asociación. Tendo isto en conta, a facturación total ascendeu no ano 2000 a 13,3 millóns de euros, o que supón o 39% da facturación total das produtoras galegas da mostra. Dentro desta asociación destacan “Continental Producciones”, “Productora Faro”, “Costa Oeste” e “Pórtico Comunicación, SA”, cunha facturación de máis de dous millóns de euros no primeiro caso e de máis de un millón de euros nos tres restantes.

► **Cadro 5**

**Datos económicos 2000 das empresas da mostra do audiovisual de Galicia con actividade comprobada no ano 2002 - Productoras non asociadas (1)**

	Fondos propios	Capital suscrito	Ingresos de explotación	Empregados		Resultados
				Fixos	Eventuais	
	(en miles de €)					(en miles de €)
<b>Amencer</b>	11,5	14,4	-	-	-	1,7
<b>Atlantis Multimedia</b>	13,3	5,9	31,0	2	-	-
<b>Enxebre Producciones</b>	12,5	2,4	62,7	2	1	-
<b>Foto Sergio y Logavideo, S.L.</b>	20,5	9,2	51,9	-	-	-
<b>I Latina Software, S.L.</b>	0,6	0,5	20,5	2	-	-
<b>Manivela Producciones, S.L.</b>	-14,8	0,5	14,5	-	-	15,0
<b>Olympus Comunicación, S.L.</b>	38,3	33,9	31,1	-	-	-
<b>Total</b>	<b>81,9</b>	<b>66,8</b>	<b>211,7</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>16,7</b>

(1) empresas non asociadas nin a AGAPI nin a AEGA  
Fonte: Rexistro Mercantil

O volume total de emprego da mostra das produtoras integradas en AGAPI ascendeu no ano 2000 a 635 empregados, dos que 224 eran traballadores fixos e 411 eventuais. Isto supón o 52,2% do emprego total das produtoras galegas da mostra, o 49% do emprego eventual total e o 58% do emprego fixo total.

Un dato salientable é o que corresponde á porcentaxe de vendas fóra de Galicia. Neste senso, a porcentaxe media de vendas fóra de Galicia das empresas da mostra integradas en AGAPI é do 24,3%, destacando 6 empresas con porcentaxes de vendas fóra de Galicia superiores ó 50%.

O **cadro 5** mostra o listado de empresas produtoras da mostra non asociadas a ningunha das asociacións citadas. Das 43 empresas incluídas só se dispón de datos de 7 delas, o que non dá unha imaxe real da facturación e emprego destas empresas non asociadas. As sete empresas con datos no ano 2000 facturaron 211.000 euros, o que supón tan só o 0,62% da facturación total da mostra do sector.

Finalmente, é indispensable ter en conta á hora de realizar un estudio sobre o sector audiovisual en Galicia á Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), xa que da súa evolución depende a de moitas das empresas antes analizadas xa que é o maior produtor de contidos e o cliente máis importante da maior parte das empresas produtoras galegas. Neste senso, a previsión orzamentaria de vendas netas da CRTVG e as súas sociedades pasou de 28,9 millóns de euros no ano 2000 a 28,1 millóns no ano 2001, o que supón unha redución das mesmas nun 2,7%. A previsión de vendas netas para o ano 2002 ascende a 26,5 millóns de euros, reducíndose un 5,5% respecto do ano anterior.

Dada a importancia da CRTVG dentro e para o sector audiovisual galego, invitouse ó seu director xeral á comisión encargada da elaboración deste informe, comparecencia que se transcribe no punto 3.4.

### ► 3.3.- Comparecencia do director xeral de Comunicación Social e Audiovisual

Con data 29 de abril do ano 2002, o director xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, compareceu ante os membros da Comisión sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, co obxecto de dar a coñece-la posición da Consellería ante a constitución do cluster do sector audiovisual, en aras dunha maior comprensión á hora da elaboración do informe-opinión do Consello sobre esa materia.

O director xeral comezou a súa comparecencia agradecéndolle ó CES a súa amable invitación, pasando logo a súa intervención, na que fixo unha valoración positiva da iniciativa do CES de realizar un informe de opinión sobre o sector audiovisual, baseado no seu conxunto do *Plan Estratéxico do sector audiovisual galego 2002-2005* elaborado por AGAPI, tal e como se recolle no apartado 3.5. deste informe-opinión.

Dun xeito xeral, os obxectivos da Consellería para o desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia coinciden, en parte, cos expostos no Plan Estratéxico elaborado por AGAPI. Sen embargo, a Consellería non pode facer seu este Plan, xa que nestes momentos estase a desenvolver a Lei do Audiovisual de Galicia co obxectivo de favorecer un forte pulo no sector audiovisual na nosa Comunidade, buscando a súa consolidación e unha dependencia menor das axudas públicas, cara ó futuro.

O interese que suscita na actualidade o sector audiovisual é consecuencia da súa clara evolución nos últimos anos en Galicia. A industria audiovisual non se pode asemellar a ningunha outra industria, xa que se trata dunha industria cultural por excelencia na que o produto é único e específico por natureza, e polo tanto, a política audiovisual que se leva a cabo debe ter en conta estas características.

Baseándose nas 10 propostas máis importantes feitas á sociedade galega para o desenvolvemento e potenciación do sector audiovisual en Galicia, que se expoñen no citado Plan Estratéxico de AGAPI, o director xeral expuxo as medidas que están neste momento en aplicación ou en estudio por parte da Xunta de Galicia con referencia a ditas propostas.

No que respecta á “**Constitución do Consorcio do Audiovisual de Galicia**”, o director xeral fixo referencia a que se prevé que a súa posta en marcha sexa neste ano 2002, debido a que neste momento estanse cerrando os acordos coas entidades que participan neste consorcio.

O obxectivo do Consorcio é a potenciación das accións tendentes ó desenvolvemento, a promoción e divulgación do sector, tratando de que se integren o maior número de entidades que poidan ter relación co mesmo. Neste senso no ano 2001 asinouse un protocolo de intencións entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Consellería de Economía e Facenda, o ente público da Radio Televisión de Galicia (CRTVG) e as catro Deputacións Provinciais. O consorcio está aberto a outras Administracións, así como a entidades privadas sen fins de lucro. Neste intre estanse a levar a cabo negociacións coas entidades financeiras galegas (Banco Pastor, Caixa Galicia e Caixanova) coa finalidade da súa integración. Unha vez asinados os acordos de integración, elaboráranse os Estatutos do Consorcio que fixarán dun xeito concreto os obxectivos do mesmo.

Un aspecto que recolle a clara intención da Xunta de Galicia na constitución do Consorcio do Audiovisual é a existencia dunha partida orzamentaria para a constitución do citado ente.

No que respecta á “**Posta en marcha da Comisión do cine**, ou *film commission* de Galicia”, está previsto que sexa supervisada polo Consorcio, que será o encargado de fixa-las súas liñas de funcionamento.

En relación á “**Publicación do Estudio do sector audiovisual en Galicia**”, o director xeral de Comunicación Social e Audiovisual expón que se están actualizando os datos do Estudio que se elaborou no ano 2000, actualización que se prevé sexa presentada en setembro deste mesmo ano, dentro dunha publicación que sobre este sector está a facer a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

O diagnóstico do audiovisual require da identificación dos axentes intervinientes, as empresas, o movemento económico e o emprego asociado, polo que é necesario defini-la composición do sector, para ter unha visión global e previa de cada un dos subsectores que compoñen o sector audiovisual. Estes poden ser, dende un punto de vista horizontal, televisión, cine, DVD..., ou vertical, productoras, autores, artistas, equipos da industria auxiliar (vestiario, son, maquillaxe...), promoción e distribución...

Na actualización deste estudio, intentárase definir e delimita-lo sector dun

xeito mais rigoroso, tratando de que se contemple a totalidade do sector audiovisual, e cubrindo, deste xeito, as carencias dun estudio global do sector que existen en Galicia. Unha visión, que por outra banda, é fundamental se se quere levar a cabo un diagnóstico do sector.

*(O director xeral entregou ó presidente da Comisión o estudio “Análise sobre o sector audiovisual galego”, que figura como anexo neste informe-opinión.)*

No que respecta ás propostas sobre **financiamento e axudas** e outras actuacións da Administración Autonómica para o impulso do sector, Ignacio Otero fixo referencia á importancia que neste senso tivo a reunión celebrada, a proposta do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o pasado mes de febreiro, na que baixo a Presidencia de D. Manuel Fraga, os representantes das distintas Consellerías e os do sector, a modo de comisión interadministrativa e sectorial, presentaron as súas propostas e como consecuencia, sinaláronse as seguintes medidas que se están levando a cabo:

– Incremento dun 61,24%, para un total de 2.993.993 euros, destinados no 2002, para a orde anual de axudas ó sector audiovisual, e na que se contemplan:

- Axudas a novos realizadores
- Axudas a proxectos relacionados coa promoción do idioma e cultura galegos
  - Axudas a empresas a través dos seus proxectos de desenvolvemento ou produción, coa intención de contribuir dende a a Administración ó fortalecemento do tecido industrial no audiovisual.
  - Axudas a actos de presentación e presenza en mercados e festivais nacionais e internacionais .
  - Incremento sustancial no presuposto da CRTVG e destinado ó desenvolvemento do sector, ademais do convenio recentemente asinado co ICO e destinado á financiación de produtos audiovisuais compartidos coa TVG.
  - Creación dun fondo de axudas á financiación de proxectos viables a través do IGAPE, dotado con cinco millóns de euros.
  - A inmediata creación do rexistro de empresas, con todo o que supón de actualización de datos e simplificación de trámites administrativos.
  - A consolidación e incremento da actividade do Centro Galego das artes da Imaxe, sobre todo, no que atinxe ós aspectos de arquivo, recuperación e difusión do patrimonio audiovisual galego.
  - O próximo lanzamento dun plan de axuda á comercialización e distribución do produto audiovisual galego.
  - A política de convenios de colaboración para actividades de formación, información, promoción e estudos de interese.

- Incremento de orzamentos cara o sector audiovisual. Neste senso a Consellería de Economía e Facenda ten unha vía de financiamento a través de préstamos para proxectos viables, xestionada polo IGAPE.

- Consolidación do programa de axudas para a innovación tecnolóxica no proceso productivo da industria do audiovisual, a través da Consellería de Industria e Comercio.

- Traballo conxunto coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no estudio das necesidades dos ciclos formativos relacionados co audiovisual, e posible incorporación dalgunha asignatura do audiovisual nos ciclos formativos de ensinanza secundaria e formación profesional.

No que atinxe ás medidas en relación ó **proceso formativo**, estase levando a cabo dende a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e coa estreita colaboración da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, a elaboración do mapa das cualificacións profesionais no sector audiovisual, co que se definirán as competencias necesarias para desempeñar correctamente os diferentes postos de traballo nun mundo productivo en continuo cambio e como consecuencia a adaptación do proceso formativo a esta realidade.

Finalmente, e no que respecta á **“Constitución do Cluster do Audiovisual en Galicia”**, o director xeral contempla moi positivamente a posibilidade de que se constituía o Cluster do Audiovisual en Galicia, o que podería mellorar considerablemente as sinerxias que se producen nestas entidades a a competitividade das empresas do sector na nosa Comunidade Autónoma, poñendo en marcha actuacións que beneficien ó sector.

Para isto as empresas deben ter intereses comúns, tanto na creación dos servizos, aplicacións, e recursos adicados á mellora na integración, dende o punto de vista horizontal como vertical, na formación, na adquisición de bens, produtos ou servizos, a promoción e comercialización de produtos, a creación de estudos de mercado, de benchmarking, de necesidades, etc.

Para conseguirla formación dun cluster, o primeiro paso deben dá-lo as empresas, asumindo os compromisos e obxectivos comúns, ademais de gañala masa crítica necesaria que, dende o punto de vista da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, aínda falta por conseguir.

Son as empresas do sector as que deben identificar os servizos comúns e poñer os recursos para a posta en marcha do cluster. Neste senso o Consorcio pode ser un apoio ó cluster e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Industria e Comercio, que levaría a tutela para a súa posta en marcha.

### ▶ 3.4.- Comparecencia do director xeral da CRTVG

Podemos partir da base de que a planificación estratéxica é unha visión ampla e a longo prazo que ten como misión orienta-lo pensamento e a acción cara ó futuro. Trátase, polo tanto, da determinación dos obxectivos básicos a longo prazo así como das accións e dos recursos necesarios para acadalos. Á estratexia correspóndelle determinar e transmitir, mediante un sistema de obxectivos, o tipo de sector que se desexa proxectar. Á estratexia non lle corresponde, exactamente, describir como se van logra-los obxectivos porque eso é tarefa dos programas de actuación e apoio, da planificación directora, en definitiva. Pero convén ter en conta tamén, como precisa a teoría xerencial clásica, a distinción entre políticas e estratexias, o que no primeiro caso é dirección do pensamento cara a decisión en xeral, e no segundo o compromiso nunha dirección determinada.

Temos, en segundo lugar, a referencia ó modelo cluster, que como saben é un concepto metodolóxico para a análise da competitividade empresarial, moi propio da década dos 90 e dos seguidores do economista norteamericano Michael Porter, que en Galicia se aplicou a outros varios sectores impulsado desde a Consellería de Industria. A primeira proposta deste novo método de análise para o sector audiovisual galego correspóndeme diante da Comisión de Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia do Parlamento de Galicia o 28 de xuño do 2001, cando se facía balanço da Lexislatura que estaba a punto de rematar.

Digo todo isto para situar esta comparecencia nun determinado contexto situacional do sector audiovisual galego, que xorde arredor do desenvolvemento da descentralización das competencias do Estado en materia de comunicación audiovisual, que se converteron en primeiro lugar en concesións administrativas para a posta en marcha de emisoras de radio de frecuencia modulada e posteriormente na creación da Radio e a Televisión de Galicia, a través da Lei 9/84 do Parlamento de Galicia, en virtude do Estatuto de RTVE de 1980 e a Lei da Terceira Canle de 1983.

O desenvolvemento da Radio e a Televisión de Galicia dá lugar tamén ó nacemento dun sector audiovisual especializado, en primeiro lugar, na dobraxe de contidos producidos fóra de Galicia e na produción de informativos e programas de entretemento así como outro tipo de servizos auxiliares. A partir de 1994 a xestión da Compañía de Radio Televisión de Galicia orientase aínda máis cara a produción de contidos galegos a través dos xéneros de ficción (series e películas) e documentais. O que supón unha nova ola de produtoras de contidos maioritariamente orientadas a eses novos xéneros de ficción, aproveitando os éxitos e os resultados favorables das primeiras experiencias nese senso.

Desde o punto de vista organizativo, ademais do crecemento e galeguización do número de axentes ( autores, creadores, guionistas, actores, técnicos e empresas) que interveñen na produción audiovisual, gracias á vontade e á aposta decidida da CRTVG pola produción propia interna e externa, o sector vaise artellando primeiro a través da Asociación Galega de Productores Independentes, a partir de 1994, e na Asociación Empresarial Galega Audiovisual desde o 2001.

No ámbito institucional xorde en primeiro lugar, a partir de 1997, o Consello Asesor das Telecomunicacións e o Audiovisual e a partir da Lei 6/99 do Audiovisual de Galicia aquel primeiro organismo creado por decreto conquire rango superior a través dunha lei aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia. Da Lei do Audiovisual emana o recoñecemento estratéxico deste sector e tamén a organización do Consello Asesor das Telecomunicacións e o Audiovisual, a Comisión do Cine e o Consorcio do Audiovisual de Galicia, creados no 2001, e este último a punto de botar a andar baixo a dirección da Consellería de Cultura, Turismo e Comunicación Social.

A esta referencia administrativa e organizativa do sector audiovisual hai que agrega-las medidas de política financeira instrumentalizadas desde a Compañía de Radio Televisión de Galicia a través do Instituto Oficial de Crédito e recentemente por parte do Instituto Galego de Promoción Económica. Sen esquecerlo incremento rexistrado no capítulo de subvencións e axudas anualmente concedidas pola Consellería de Cultura e outras accións e medidas das Consellerías de Familia, Industria, Educación e Economía.

### *Análise e competitividade*

Coido que é moi oportuno e interesante levar a cabo unha análise en profundidade e unha planificación estratéxica do sector a longo prazo, ampliando en profundidade, apertura, integración e realismo a visión que formula o Plan Estratéxico presentado por AGAPI

Cómpre analizar, discutir, comprobar, documentar e contrastar moitos dos datos que se inclúen no Plan Estratéxico presentado por AGAPI sobre todo cando unha parte deles son accesibles a través de fontes públicas e outros requiren unha profunda pescuda e contraste. Coido que é preciso tamén botar man das distintas ferramentas teóricas que esixe a planificación estratéxica, en primeiro lugar, e as metodoloxías de traballo das cadeas de produción e valor do conxunto dun sector para debuxa-los perfís do cluster tanto no centro coma na periferia das súas actividades e relacións.

Teño que dicir tamén que o Plan Estratéxico que se coñece céntrase na visión institucional (apoios e subvencións) e na organizativa interna (medidas) máis ca na



verdadeira dimensión e posibilidades dun mercado que, necesariamente, ten que ser local e global para responder ó verdadeiro reto da competitividade. Poño énfase especial na importancia estratéxica de medir e conqueri-la competitividade do sector audiovisual galego. Se o sector audiovisual non é competitivo no seu propio mercado dificilmente o será no alleo. E nestes intres, precisamente, adocemos en parte de capacidade de competencia interna e de necesidade de proxección externa.

A Compañía de Radio Televisión de Galicia ten a responsabilidade de se-la turbina e a empresa síntese do sector, pero tamén ten a obriga de optimiza-la produtividade dos seus recursos propios internos e demandar, coa máxima concurrencia e transparencia, aqueles outros externos que non pode producir a través da súa propia estrutura, segundo o seu Plano de Actuación e os Principios Xerais de Programación. Non pode, polo tanto, visualizarse o futuro do audiovisual galego soamente en función da CRTVG nin tampouco da futura Cidade da Cultura.

Hai contidos na cadea de valor do audiovisual que, evidentemente, soamente son apreciables no mercado local, pero hai outros –cine e multimedia– que só teñen dimensión no ámbito global. O verdadeiro reto para a competitividade do audiovisual galego non é só a CRTVG, a Cidade da Cultura ou a Administración, en definitiva, senón o mercado na súa máis pura definición e a economía do tempo como verdadeira dimensión da competencia na sociedade actual da información e co coñecemento.

A catro grandes obxectivos responden os orzamentos do ente CRTVG e as súas sociedades (Radio Galega e Televisión de Galicia): producir máis e mellores contidos audiovisuais en galego e en Galicia, posta en marcha dun novo plano de apoio á produción de películas de cine e televisión, afrontala reconversión tecnolóxica que esixe a implantación da radiotelevisión dixital e cumprimento das obrigas fundamentais do marco legal no que se insiren os medios de comunicación públicos galegos. Sen esquecerse nin reducir a política de saneamento financeiro para a liquidación da débeda acumulada ata 1994, mantemento da competitividade en termos de audiencia e emisións de produción propia e difusión da Televisión de Galicia para todos aqueles países de emigración galega.

A Compañía de Radio Televisión de Galicia e as súas sociedades executaron sen déficit, por sétimo ano consecutivo, o exercicio orzamentario do 2001 e reduciron a débeda de 55 millóns de euros acumulada ata 1994 a menos de 16 millóns. Esa débeda histórica acumulada ata o 94 está previsto que quede eliminada antes do 2005 se se cumpren os prazos de amortización e a execución orzamentaria sen déficit, como se ven facendo ata agora. A CRTVG destinou no último exercicio preto do 10 por cento dos ingresos de explotación da TVG a producións cinematográficas europeas, o dobre do que marca a lei 22/1994 e acada a cota do 70% de

obras comunitarias, o 16% de apoio á produción independente e o 70% de produción propia, porcentaxes moi por riba da maioría das outras canles xeralistas.

O labor de dinamización do sector audiovisual galego desenvolvido pola Televisión de Galicia nestes últimos anos ten fitos e datos ben claros e rechamantes: Unha ducia de teleseries de ficción con máis de mil horas producidas e emitidas con exitosos resultados de audiencia; 25 películas de cine realizadas en Galicia, cinco delas coa súa estrea prevista para este ano; medio cento de documentais e curtametraxes realizadas coa achega desta canle; e un "star system" de actores e técnicos ben coñecidos xa dentro e fóra da nosa Comunidade.

A TVG prepara nestes intres media ducia de novos programas de entretemento, outras dúas teleseries de ficción, espazos de información local, sete debates semanais, documentais, unha renovación da programación xuvenil e a participación na estrea este ano das películas coproducidas en Galicia, que son *Os luns ó sol*, con Javier Bardem e Luis Tosar; *O alquimista impaciente*, de Patricia Ferreira; *O lapis do carpinteiro*, de Antón Reixa; *Ilegal*, de Ignacio Vilar; e *13 badaladas*, de Xavier Villaverde. Para o ano que ven está prevista a produción da primeira telenovela galega, os primeiros 26 capítulos da serie *O bosque animado* e outros proxectos de animación. Esta canle participa tamén a máis longo prazo noutros proxectos de desenvolvemento e coprodución de películas, TV movies e documentais.

O audiovisual é unha industria nova e un fenómeno recente en Galicia, que representa toda unha eclosión de iniciativa e dinamismo nos últimos anos, desde a mesma aprobación por unanimidade da Lei do Audiovisual no 1999 ata o ambiente creativo e moderno de todo o sector no seu conxunto. Poderíamos dicir que o audiovisual galego despegou nos últimos anos e que, con esa forza e este ambiente, pode ser capaz de dar no próximo quinquenio o salto necesario para consolidarse como sector estratéxico.

Dentro deste ámbito a CRTVG aposta simultaneamente por un xénero de ficción propio para a televisión e para o cine, para nós e para consumo interno de Galicia, e para o exterior. As series son produtos para consumo propio e o cine é tamén produción de xénero para a venda exterior e o mercado global. Nun e noutro ámbito o audiovisual galego xa comeza a ter nomes propios, de produtores, actores e directores. Fixéronse cousas ben e hai outras que cómpre corrixir e evitar. Pero coido que o máis importante é saber aproveitar a situación actual e acertar no impulso necesario para os a cinco ou dez próximos anos.

Sendo plenamente consciente do marco orzamentario axustado no que se move e das distintas obrigas de investimento que hai que atender ó mesmo tempo, a Compañía de Radio Televisión de Galicia pon en marcha este ano tamén un novo

plan de apoio ó audiovisual galego, a cinco anos vista, que fixa como obxectivos realizables a produción de 25 novas películas de cine, outras tantas TV movies (filmes de televisión), duascentas horas de teleseries de ficción por ano e un sistema de concurso de ideas para novos talentos e proxectos.

Ese plan para producir en Galicia nos próximos cinco anos máis de medio cento de películas de cine e televisión, que representa un investimento total de máis de 100 millóns de euros e mil novos empregos, será posible sempre e cando o sector audiovisual galego dispoña da forza, recursos, instrumentos financeiros, capacidade organizativa, alianzas externas e apoios internos necesarios para converterse nese sector estratéxico que desexamos. A CRTVG pode ter posibilidade de asumir a parte razoable que lle corresponda de coproducción se hai capacidade empresarial para conseguilo capital e as necesarias vendas externas que cubran o resto do financiamento dos investimentos. O cumprimento deste reto sería o impulso necesario do que falabamos para o audiovisual galego dos próximos anos.

Para avanzar máis e anticiparse ó que se está facendo noutras partes de España e Europa, o sector audiovisual galego ten que ser máis competitivo e dinámico, rompe-la endogamia interna, investir máis en talento e creatividade, buscar ideas e contactos externos, anticiparse ós cambios e tendencias, saír moito máis de Galicia a prol de novos mercados e oportunidades de vendas e alianzas. Ten que apostar por novas formas e estruturas organizativas moito máis modernas e flexibles, tomando como paradigma as redes de alianzas, as *business web* (b-web) e a mesma creación dun cluster do audiovisual en Galicia.

### ***O presente e o futuro da TV dixital***

Por outra banda, o esforzo de transformación e reconversión tecnolóxica que se acomete dentro do marco do orzamento ordinario permite asegurar que o noso idioma e os contidos feitos en Galicia estarán presentes con toda a forza que sexan capaces de provocar no futuro da sociedade multimedia a través da televisión e a radio dixital. O escenario está aberto e en rápida transformación. En dez anos desaparecerá o actual modelo analóxico e tódalas canles terán que emitir a partir do 2012 en sistema dixital.

Polo tanto estamos diante dun múltiple reto. Sen esquecerse do presente, hai que ir adaptándose e preparándose para o inevitable futuro. Un futuro que é presente, porque os cambios xa están en marcha e xa se están executando. A Televisión de Galicia xa emite en probas por dixital toda a súa programación actual e a partir de abril comezarán tamén as canles privadas. As emisións dixitais terrestres téñense que simultanear coas convencionais durante varios anos, entre outras causas porque nestes intres aínda hai moi poucos televisores adaptados, ata que se produza o apagón analóxico previsto para o 2012. Este proceso simultáneo, primeiro, e migra-

torio logo, está a provocar problemas técnicos importantes que hai que suplir da mellor forma para evitar que afecten ós telespectadores.

A difusión de televisión dixital es comezou a partir de 1997 a través das plataformas de distribución de satélite (CSD e Vía Digital) e por vía terrestre a partir de 1998-99. A televisión dixital instaura un novo modelo de oferta multicable, de pago e con servicios interactivos, que se atopa nestes intres en fase de consolidación e transición desde o sistema analóxico individualizado. Esta situación de transición estivo marcada, primeiro, por unha forte pugna e competencia entre as empresas e agora, en ciclo recesivo e despois de cinco anos, está abocada a fortes procesos de concentración (fusión de plataformas) tanto en España coma noutros países europeos. A televisión dixital en España (por satélite, terrestre e cable) ten actualmente dous millóns de abonados e precisa catro millóns máis, seis millóns en total, para ser rendible economicamente.

A adaptación á televisión dixital supón importantes cambios nos sistemas de produción, difusión e recepción. Nalgúns casos é necesario cambia-las canles de emisión dos reemisores que cobren a xeografía galega e estatal e os telespectadores terán que mercar novos receptores ou decodificadores que reconvertan o sinal analóxico en dixital. O que ocorre nestes intres, tanto en España coma no resto de Europa, é que os televisores dixitais aínda son moi caros e non hai decodificadores homologados para tódalas canles.

A tendencia que se está a imponer cara o futuro da televisión dixital terrestre é un decodificador universal chamado Plataforma Multimedia do Fogar, accesible a tódalas canles televisivas e que integra tamén Internet e servicios interactivos e de valor engadido. Esa porta de acceso a tódolos servicios da sociedade da información –no noso caso tamén vital para a lingua e a cultura galegas– é de relevancia estratéxica incuestionable.

Desde a CRTVG este proceso de transformación require atender por unha parte ás tecnoloxías de produción, emisión e difusión e por outra ós contidos necesarios e oportunos para esa nova programación. Unha e outra parte son necesarias e inevitables para ter voz e presenza propias nesa nova plataforma de servicios multimedia. O mundo audiovisual cambiou radicalmente nos últimos cinco anos e vai cambiar moito máis aínda nos próximos dez. Quen mire para o pasado como mellor ou se quede estancando no presente, perderá o futuro sen dúbida.

O cambio de tecnoloxías e formatos na Radio e Televisión de Galicia supón un forte investimento afrontado para adaptarse á produción dixital e unha ampliación das instalacións nun novo edificio de servicios múltiples que acollerá a partir deste verán as dependencias do Consello de Administración, aulas de formación,

laboratorio de perfeccionamento do galego para presentadores e locutores, servizos administrativos así como dous platós de 500 e 80 metros respectivamente.

### ***Opinión sobre o informe do CES***

Coincidimos co CES no diagnóstico de tres problemas fundamentais do audiovisual galego: Fragmentación empresarial, necesidade de separar as dúas vertentes cultural e industrial e estabilización e continuidade do sector. Claro que estes mesmos problemas, a diferente escala, son semellantes ó ámbito audiovisual do Estado e, quizá, mesmo a dimensión europea. De aí, precisamente, a importancia do Plano Estratéxico e da análise da competitividade que aquí se debate e á que antes me refería.

En resume, para esta primeira intervención, deixar constancia da importancia e a opinión favorable ós proxectos que se formulan (Plano Estratéxico e Cluster) para o futuro do audiovisual galego, aínda que ampliándoos no marco analítico e competitivo que corresponde para o conxunto do sector, tendo como referencia e diana a dimensión do mercado posible, o problema non é o financiamento senón a capacidade de capta-lo mercado. Débese falar dun sector para o mercado e non dun sector para a subvención.

Por eso é moi necesario e oportuno ampliar a reflexión e o proceso de maduración destes proxectos coa participación de tódolos axentes internos do sector. Así mesmo, e remato, nesa dirección queda aquí expresada a vontade de colaboración e apoio da Compañía de Radio Televisión de Galicia.

### **► 3.5.- O Plan estratéxico do sector audiovisual galego 2002-2005 elaborado por AGAPI**

A Asociación Galega de Productoras Independentes, AGAPI, nace no ano 1994 no contexto dun master europeo, no que un grupo de profesionais decide crear a asociación.

A aposta do sector polo Cluster do Audiovisual é unha aposta por conseguir a plena maioría de idade do sector. A tutela da Administración respecto dun sector industrial calquera non pode ser indefinida e, o mesmo que agora é necesario un tratamento diferencial, con medidas de apoio específicas, verticais, intensivas, o desexable é que chegue un momento de madureza no que o sector camiñe por si só sen prexuízo das axudas públicas que procedan pola súa excepcionalidade cultural.

Ese é o fin último do cluster e ese momento chegará cando a industria audio-

visual galega poida vender en tódolos mercados en condicións de calidade e prezo competitivas. Os retos da internacionalización e da concorrència pasan, antes, por unha serie de melloras estruturais e productivas que as pequenas e medianas empresas galegas do audiovisual non poden acometer por si soas, por iso necesitan do paraugas do cluster.

A tendencia constante á dixitalización permite xa que todo o proceso de produción poida facerse en Galicia. Conxuntando ámbalas cousas –as vantaxes locais e as globais–, non só se garante unha presenza de Galicia e da cultura galega no mercado audiovisual mundial, senón que se fai viable unha produción de carácter internacional, feita localmente.

O tamaño medio das produtoras galegas non lle permite á gran maioría das empresas abordar individualmente plans de exportación ou programas avanzados de formación. O carácter cooperativo dos clusters suple as limitacións das pequenas empresas e permite resolver colectivamente as carencias sectoriais.

En España existe desde 1996 o Cluster do Coñecemento ([www.clusterconocimiento.com](http://www.clusterconocimiento.com)), que introduce o concepto novidoso de “capital intelectual” (considerando o coñecemento e a súa xestión como un dos principais activos de toda empresa). O Cluster do Coñecemento foi impulsado polo Goberno vasco dentro do seu Programa de Concorrència, que inclúe entre os seus cento vinte socios tódolos axentes económicos, públicos e privados (universidades, consultoras, centros de formación, empresas, asociacións, cámaras de comercio, etc.). Nestes momentos está sendo impulsado pola Zona Franca de Vigo un cluster do coñecemento.

Outros clusters significativos son ACLIMA ([www.aclima.net](http://www.aclima.net)), cluster do medio ambiente, con 62 socios e tamén impulsado polo Goberno vasco, baseado nun código de conducta medioambiental mediante o cal as empresas adheridas fan explícito publicamente o seu respecto ó medio ambiente. En total, no País vasco funcionan xa once clusters (aeronáutica, automoción, electrodomésticos, enerxía, máquina ferramenta, medio ambiente, papel, portos, telecomunicacións, coñecemento e Foro Marítimo Vasco). A Comunidade de Extremadura acaba de pór en marcha cinco clusters de nova creación (clusters estratéxicos de rochas ornamentais, madeira-moble, metal-mecánico, envase-embalaxe e coñecemento).

En canto a Galicia, as competencias corresponden á Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Programas Industriais e Infraestrutura Tecnolóxica). Foi esta Consellería de Industria e Comercio a que impulsou en 1997 a creación do primeiro cluster galego, CEAGA ([www.ceaga.com](http://www.ceaga.com)), formado por corenta e catro empresas auxiliares de automoción, que tivo como primeiro froito a creación do Centro Tecnolóxico de Automoción.

En setembro de 1999 constituíuse o Cluster Naval, ACLUNAGA, que engloba a noventa e seis compañías do sector naval galego, desde estaleiros a empresas de bens de equipo, subministracións, servizos, enxeñería e armadores. Actualmente, están en fase de constitución, ademais dos xa mencionados clusters do coñecemento e do audiovisual, os clusters da madeira e da acuicultura.

### ***Financiamento***

Para que o carácter de estratéxico do sector audiovisual teña sentido e polo tanto para que se poida levar a cabo unha política sectorial acorde co citado carácter son imprescindibles uns mecanismos de financiamento especiais e específicos que permitan o desenvolvemento da Lei do audiovisual. Partindo desta premisa analízase o entorno europeo e nacional que poida afecta-lo sector en materia de financiamento.

#### Política audiovisual da Comisión Europea.-

Un cambio profundo da paisaxe audiovisual europea (en termos de concorrencia, complexidade técnica e transnacionalización) levou á Comisión Europea a presentar en 1998 unha comunicación ó Parlamento e ó Consello titulada: "Política audiovisual, as próximas etapas". O texto tiña por obxecto empezar a reconsiderar a política audiovisual actual e debuxa-los próximos pasos e direccións en que se movería. A comisión centrábase moi especialmente nos aspectos vencellados ós mecanismos de apoio e, en particular, cara ó futuro dos programas MEDIA, MEDIA II e MEDIA+, así como cara á reorganización da proposta da comisión destinada a atraer aínda máis investimentos privados á produción audiovisual.

Estes traballos na esfera da Unión Europea puxeron de manifesto a vital importancia que institucións, produtores e creadores lles dan ás fontes financeiras e á mobilización de recursos no universo da produción audiovisual. O diagnóstico era claro: o futuro liderado europeo en materia de ideas e contidos necesitaba o colchón elástico que catapultara as ideas ás pantallas e ós ollos do público. E ese colchón é o financiamento.

A Unión Europea confioulle á Comisión a misión de que nas negociacións vencelladas ó comercio mundial faga fincapé en que os Estados conserven e desenvolvan a súa capacidade de definir e poñer en práctica as súas políticas culturais e audiovisuais para a salvagarda da súa diversidade cultural [Resolución do Consello do 12 de febreiro de 2001 sobre as axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual 2001/C73/02]. Tendo en conta que Galicia asumiu boa parte das competencias que lle corresponden en materia de fomento do audiovisual, estas consideracións comunitarias trasládanse ó ámbito autonómico como obxectivo estratéxico de primeira orde nas políticas culturais e industriais. Fronte a posibles detractores de mecanismos financeiros sectoriais, ad hoc, a resolución do Consello da

Unión Europea deixa claro que as axudas ó audiovisual non son un caso de protecciónismo, senón unha necesidade inescusable:

*“A industria audiovisual constitúe unha industria cultural por excelencia. As axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual constitúen un dos medios principais para garanti-la diversidade cultural. O obxectivo da diversidade cultural supón un tecido industrial que permita satisfacer ese obxectivo e xustifica o carácter específico das axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual adaptadas a cada circunstancia específica”* [Res. Consello UE, 12-II-01].

Esta filosofía europea de *“xustifica-lo carácter específico das axudas nacionais”* produciu a reacción en cadea dalgunhas administracións estatais ou autonómicas. No caso de Galicia, a recomendación europea traducíuse nos esforzos do lexislador e no consenso parlamentario que fixeron posible a Lei do audiovisual. En materia de financiamento, a lei galega subliña o interese estratéxico da industria audiovisual atendendo ós seguintes factores:

- A importancia económica acadada polo sector
- O número de persoas ás que emprega
- As perspectivas futuras para a creación de empregos vencellados á comunicación audiovisual
- O papel educativo e cultural que xogan os medios de comunicación e os produtos das industrias culturais nun contorno marcado pola dialéctica globalización-diversidade.

#### A Comisión Europea e o BEI.-

En coherencia cos principios de política audiovisual europea enunciados, a Comisión, o Banco Europeo de Investimentos (BEI) e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI), impulsaron en xuño de 2000 o programa financeiro “i2i-Audiovisual”, consistente nun conxunto de accións destinadas a reforza-la base financeira da industria audiovisual europea e a acelera-la súa adaptación ás tecnoloxías dixitais.

Este paquete financeiro da Comisión, o BEI e o FEI é complementario do programa Media Plus, e sinala a tendencia comunitaria cara á que deben converxelas nosas propias propostas financeiras.

A iniciativa “i2i-Audiovisual” ten unha duración inicial de dous anos, cun volume de financiamento previsto por parte do grupo BEI superior ós 15.000 millóns de euros e 1.000 millóns de euros en capital-risco. A iniciativa consta de catro liñas de acción; as súas características máis significativas son:



- “Préstamos globais” ó sector bancario.

O BEI puxo a disposición do sector bancario especializado liñas de crédito para o financiamento de empresas de creación audiovisual, de tecnoloxías de audiovisuais ou de traballos subcontratados. Estes “préstamos globais” son compatibles (complementarios) cos sistemas públicos de promoción do audiovisual e poderían comportar elementos de reparto dos riscos e beneficiarse de estruturas de garantía apoiadas polo FEI.

- Financiamento a medio e longo prazo para investimento en infraestruturas. Destinada a grupos de produción ou distribución para os seus investimentos en infraestruturas (estudios, instalacións dixitais) no ámbito da produción de obras audiovisuais. Poderá adopta-la forma de financiamentos estruturados que teñan unhas condicións de reembolso que estean parcialmente vinculadas ó éxito dos proxectos financiados. O seu obxecto primordial é compensar deficiencias industriais no sector respecto á competencia mundial e a creación de actividades con efectos positivos sobre as empresas en si mesmas.

- Fondos de capital risco especializados.

O programa “i2i-Audiovisual” prevé crear fondos de capital risco especializados no sector audiovisual mediante a subscripción de participacións do FEI. Nestes fondos, o FEI -de maneira análoga a como podería opera-lo IGAPE en Galicia- intervén como fondo de fondos nun ámbito sectorial moi especializado no que a falta de recursos financeiros e de operadores impiden a creación dun mercado de capital risco eficaz. Unha das iniciativas froito desta liña foi a sociedade finlandesa Venture Capital for Creative Industries (Capital Risco para Industrias Creativas), dotada cun orzamento de 50 millóns de euros, dos cales 16,5 millóns foron facilitados polo Fondo Europeo de Investmentos.

- Financiamento para accións complementarias.

Liña dotada con 400 millóns de euros en cinco anos, destinada a mellora-la complementariedade entre os recursos bancarios do Grupo BEI e as subvencións comunitarias do Programa Media Plus. A Comisión Europea propón organizar sesións de formación sobre financiamento de empresas e obras audiovisuais, poñer en marcha accións conxuntas para apoia-la cooperación entre distribuidores (para campañas de distribución) e desenvolve-los servicios on line. Outras accións complementarias serían: fomenta-lo diálogo entre os financeiros europeos do sector audiovisual, a colaboración dos cales en coproduccións é escasa. Nesta liña, o sector suxeriu xa realizar un Seminario de Financiamento da Coproducción, coa participación de técnicos do IGAPE, do ICO, da FAPAE, de EGEDA e das entidades financeiras.

Un sector ó que é preciso entender financeiramente desde dentro e ó que só

moi recentemente comezaron a entender algunhas entidades financeiras: Caixanova apostou por producións galegas como *Os viaxeiros da luz*, *O bosque animado* e *O lapis do carpinteiro*; Caixa Galicia colaborou recentemente no financiamento dunha longametraxe de Continental. Os datos indican que as cousas empezaron a cambiar e que o financiamento da industria audiovisual galega entrou en vías de maduración e normalidade. Un apoio decidido destas dúas entidades –Caixanova e Caixa Galicia- coa súa activa participación no cluster, situaría a Galicia no mellor punto de saída.

### **Formación**

A formación permanente dos traballadores e as políticas activas de recursos humanos, son condición sine qua non para garanti-la estabilidade laboral e a competitividade de calquera sector, e, moi especialmente, dun sector como o do audiovisual que se move nun entorno inestable, con cambios tecnolóxicos permanentes.

Para coñecer mellor as necesidades formativas do sector, os produtores independentes representados en AGAPI e a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude firmaron no ano 2000 un convenio de colaboración para o estudo das necesidades de formación do sector. En virtude de dito convenio, AGAPI realizou, co patrocinio da Consellería, durante os anos 2000 e 2001 un exhaustivo “Estudio de necesidades formativas na produción audiovisual en Galicia”. Esta análise permitiu coñecer a fondo a estrutura ocupacional do sector e as súas necesidades formativas.

O dito estudio de necesidades formativas na produción audiovisual en Galicia é un estudio de “Análise ocupacional” que deberá completarse no futuro coa “Análise de competencias”.

A metodoloxía empregada está validada polo Instituto Galego das Cualificacións e é coherente coa sistemática proposta polo Consello Xeral de Formación Profesional e o Instituto Nacional das Cualificacións, a homologación dos cales se pretende. O estudio foi validado polo Instituto Galego das Cualificacións e ratificado polas Xuntas Directivas da AGAPI e a FAPAE, o que lles dá ós seus resultados un alcance estatal e proxecta as conclusións desde Galicia cara a todo o sector audiovisual español.

Os obxectivos do estudio son:

- Diseñar un mecanismo de análise e detección de necesidades presentes e futuras de formación dentro do sector audiovisual (producción).
- Valida-la metodoloxía empregada para a súa homologación estatal.
- Afondar no coñecemento do sector e de toda a súa variable laboral.

- Redefini-las áreas profesionais e as ocupacións.
- Facilita-la programación de próximas accións formativas.

O resultado positivo desta experiencia moveu ó sector a pensar en deseñar conxuntamente no futuro un verdadeiro e máis ambicioso “Plan Galego de Formación do Sector Audiovisual”, no que non falten ningún dos axentes que realizan formación no noso sector, desde as asociacións empresariais e sindicais á CRTVG, pasando pola propia Consellería de Familia e, por extensión, a Xunta de Galicia no seu conxunto. En resumo, un sector definido como estratéxico demanda un plan de formación sectorial de alcance estratéxico.

Este futuro plan deberá incluír tamén a formación ocupacional, é dicir, todas as accións dirixidas a traballadores desempregados (o denominado Programa FIP). Ó respecto, dende o sector expresouse o propósito de que o FIP para o sector audiovisual non se limite á familia de Información e manifestacións artísticas; debe abranguer outras especialidades incluídas agora na familia de Servicios ás empresas, tales como Deseño de páxinas web ou Iniciación á multimedia. Isto non poderá facerse, sen embargo, sen establecer antes un marco estable e sólido de colaboración coas empresas e escolas actualmente xa homologadas pola Consellería de Familia para impartir formación ocupacional (Escola de Imaxe e Son de Vigo, CTV, etc.).

Os obxectivos formativos dese futuro Plan serían:

- Detectar e defini-las necesidades de formación
- Mellora-la formación dos socios (aspecto empresarial)
- Incidir na formación de todo o sector
- Coordina-la formación audiovisual non regrada
- Programa de bolsas e aprendizaxe de idiomas
- Acordos para teleformación (creación de contidos)

Así mesmo, sen prexuízo das funcións do Cluster en materia de formación, poden ter cabida no seo do Consorcio do Audiovisual, organismo que ten importantes competencias, encomendadas pola Lei 6/99, en materia de formación. En concreto, o art. 8 desa lei sinala como obxectivos que se deben alcanzar en materia de formación os seguintes:

*“Promover e potencia-lo ensino do audiovisual e das novas tecnoloxías interactivas na práctica docente da educación. Promove-la investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector audiovisual.”*

En consecuencia, é desexable que o Cluster do Audiovisual de Galicia teña tamén competencias en materia de formación, pois está chamado a se-lo órgano de

impulso das políticas sectoriais audiovisuais en tódalas áreas e, lóxicamente, tamén na de formación.

### ***Cooperación empresarial***

O cluster debe consolidar no futuro próximo algúns pasos na cooperación empresarial, organizados en tres direccións:

#### Redes de cooperación entre empresas

1. Cooperación no establecemento de liñas de apoio tecnolóxico.
2. Cooperación na elaboración dunha guía de recursos da produción audiovisual. Englobaría a un importante número de profesionais freelance (técnicos e artísticos).
3. Cooperación na realización de xornadas comúns organizadas segundo áreas temáticas da produción audiovisual. Propóñense cursos do tipo: “necesidades da produción gráfica para documental”. Estas reunións articularían as peticións de cada área de traballo do mundo audiovisual e poderían ter como resultado a elaboración de follas de conclusións.
4. Cooperación no apoio á coproducción como medio de xerar economías de escala e permiti-la entrada en novos mercados.
5. Cooperación para facer fincapé en que as redes de colaboración entre empresas se amplíen ó cuadrante noroeste da península Ibérica (Galicia, Asturias, Norte de Portugal e Castela-León) polas afinidades socioeconómicas que caracterizan a estas rexións.
6. Cooperación no desenvolvemento tecnolóxico e posibilidades de plans de desenvolvemento conxunto nas áreas de arquivo, plataformas de traballo, formatos e estándares de calidade e compatibilidade. Desenvolvemento dun conxunto de normas que faciliten o traballo conxunto baseadas en procedementos.
7. Cooperación no aproveitamento de oportunidades de negocio conxuntas, insistindo na natureza cultural do produtor audiovisual, na súa capacidade futura de xerar emprego e na necesidade de lle dar saída á situación socioeconómica galega pola vía da innovación. O desenvolvemento do sector require que empresas galegas asuman a maior parte posible da produción audiovisual que en Galicia levan a cabo entidades públicas e privadas. Preténdese que a maior parte posible do valor engadido da actividade audiovisual quede en Galicia.

8. Cooperación especial na realización dos premios anuais do sector. Os premios levaron ata o 2001 o nome da AGAPI; pero entendemos que deben colectivizarse e ser representativos de todo o sector, sen excepcións. Os futuros Premios do Audiovisual Galego deben salienta-la calidade das producións e apoiar coa súa audiencia e co seu palmarés a traxectoria da industria audiovisual galega.

9. Cooperación directa e específica entre empresas de posproducción e de son en busca da calidade total e a realización do proceso de produción enteiramente en Galicia.

#### Uso de Internet, o B2B (business to business) e o comercio electrónico

1. Internet para o arquivo e a catalogación. Importancia do arquivo e das bases de datos de audiovisual. O audiovisual galego traballa xa cun arquivo importante de materiais resultado dos seus anos de traballo. É importante a catalogación tanto das películas e curtametraxes e vídeos de creación como daquel material audiovisual de importancia para a súa conservación. Os medios dixitais poden colaborar de forma eficiente na xestión deste material. A escala sectorial e das empresas e a escala individual. Non chega con te-la información, hai que encontrala rapidamente. Cómpre ter catálogos áxiles, no que pode axuda-la rede.

2. Internet pero agora. A industria do contido depende do desenvolvemento tecnolóxico dos operadores de telecomunicacións. Non debe suceder que os avances técnicos, como a implantación de ADSL, se subordinen a intereses económicos dos operadores. Isto xera tremendas desvantaxes comparativas nos territorios menos favorecidos. Forma parte das reivindicacións do sector un acceso ás tecnoloxías da información en igualdade de condicións.

3. Internet na produción. As apostas tecnolóxicas son decisións estratéxicas que deben contar co apoio experto da industria e da Administración. Neste sentido, propónse elaborar un estándar de produción para o sector audiovisual que busque homoxeneiza-los procedementos, optimiza-los gastos e mellora-la calidade e a comunicación entre empresas. Na elección dese estándar é vital a participación de toda a industria.

4. Internet e B2B. O intercambio de profesionais e servizos audiovisuais dentro do sector audiovisual faino especialmente indicado para beneficiarse de iniciativas de Business to Business (B2B) a través de Internet. Un portal especializado B2B en Galicia, dedicado ó audiovisual e posiblemente integrado no da FAPAE, constituirá un decisivo motor de avance.

5. Internet como motor En canto á industria multimedia, debe ser outro motor excepcional que lle dea pulo a tódolos servicios de audio e vídeo que formen parte da web, os CD Roms ou DVD.

6. Internet e os seus cerebros creadores. A industria galega debe facer un esforzo por conserva-los seus cerebros máis valiosos en sectores onde a creatividade é o activo imprescindible. Iso conséguese con políticas estables de emprego, bos salarios, opcións de formación, participación dos departamentos creativos na toma de decisións e posibilidades de afrontar proxectos de gran tamaño, calidade e concorrencia. Noutro caso, os profesionais con talento marcharán a onde os aprecien, furando profesionalmente un mercado en ebulición. Neste sentido, é imprescindible insistir, como xa se dixo, na importancia dun plan de formación sectorial que incida nos aspectos das novas tecnoloxías.

#### Plans de mellora e calidade

1. Calidade na tecnoloxía e no establecemento de estándares de calidade dos soportes tecnolóxicos, perdas de calidade nos envorcados e tratamentos, conceptos de compresión, calidade dos soportes segundo as súas características técnicas. Neste senso podería ser útil trazar un mapa tecnolóxico dos soportes e os formatos que constituíra a base dos intercambios entre productoras.

2. Calidade na produción e nos procedementos de traballo. Procesos de calidade en orzamentación, preproducción, produción, tempos de execución, entrega de versións alfa e beta do produto final, materiais, montaxe, coidado dos materiais e seguros, posproducción.

3. Calidade na seguridade nos traballos cos másters, no copiado e seguridade dos resultados.

4. Calidade nos compromisos co cliente en prazos e prezos. Trátase de ser fiables como valor principal da empresa, de comprometerse e cumprí-los pactos.

5. Calidade na xestión dos investimentos e as contribucións do sector financeiro, imprescindible para gaña-la confianza do sector financeiro.

#### ***Propostas de política audiovisual do “Plan estratéxico do sector audiovisual galego 2002-2005”***

O Plan estratéxico do sector audiovisual galego 2002-2005 sinala un punto de inflexión na maduración do sector: reflexiona sobre os oito anos de traballo anteriores e introduce un horizonte de futuro, debuxando un programa que se arte-lla en cen propostas.

Delas, as dez propostas máis importantes consideran que a industria audiovisual, definida por lei coma “sector estratéxico e prioritario”, debe ter para o seu desenvolvemento ferramentas políticas e financeiras igualmente estratéxicas e prioritarias que permitan o pleno desenvolvemento da Lei do Audiovisual. As dez propostas vertébranse en cinco eixes de actuación: político, económico, cultural, industrial e formativo.

• Eixo político: Pleno desenvolvemento da Lei do Audiovisual

1. Definición da política xeral audiovisual da Xunta de Galicia: Esta “política xeral do audiovisual galego” debe ser o marco de referencia de toda a industria audiovisual galega e o instrumento de vertebración das actuacións sectoriais da Administración autonómica. A definición desta política xeral está prevista no Art. 2 da Lei 6/99 e a súa aprobación é competencia do Consello da Xunta de Galicia.

2. Constitución do Consorcio do Audiovisual de Galicia: É, asemade, unha previsión legal contida na Lei 6/99. Dado o seu avanzado estado de desenvolvemento, debería constituírse, coa debida dotación orzamentaria e coa participación activa do sector nos termos previstos na lei, e dos Concellos das sete capitais galegas.

• Eixo económico: Financiamento estratéxico

3. Fondo de financiamento: Aprobación polo IGAPE e a Consellería de Economía e Facenda, do Fondo de Financiamento do Audiovisual, por importe de 18 millóns de euros anuais, destinado a préstamos directos á produción e capital-risco.

4. Incremento do orzamento de CRTVG: Incremento de 12 millóns de euros no orzamento de Televisión de Galicia para investimentos en producións audiovisuais vinculadas expresamente á creación de valor engadido en Galicia, é dicir, capital semente para captar capitais exteriores.

• Eixo cultural: 2004, escaparate do audiovisual galego

5. Plan de contidos da “Cidade da Cultura”: Dende a consideración da “Cidade da Cultura” como buque insignia do sector audiovisual e escaparate mundial da nosa produción, demándase a participación do sector –dende os escritores e guionistas, ós técnicos, músicos, actores, pasando polas empresas de produción– na elaboración dos contidos da “Cidade da Cultura”, implicándose na definición dun plan, cun orzamento coherente coas dimensións do propio proxecto da “Cidade da Cultura”.

6.- Mapa de recursos educativos en formación audiovisual: Ante a crecente oferta educativa, pública e privada, relacionada co sector audiovisual, é necesaria a reordenación racional dos recursos educativos. A curto prazo, debería considerarse a elaboración dun “Mapa de recursos educativos” que inclúa todos os niveis de ensino: dende a Primaria e Secundaria –niveis nos que a formación audiovisual debe incluírse xa como materia transversal–, ata a FP e o ensino universitario, cunha reordenación de titulacións na que debe terse en conta a situación real do mercado laboral do sector. Asemade, súxírese a cooperación das Consellerías de Educación, Ordenación Universitaria e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, conxuntamente co sector, na elaboración deste “Mapa de recursos educativos”, a realizar no presente ano 2002.

• Eixo industrial: Unirse para competir

7. Cluster do Audiovisual de Galicia: Desenvolvemento e execución durante este ano do “Proxecto do Cluster do Audiovisual de Galicia”, xa aprobado polo IGAPE o pasado 8 de febreiro, en orden á súa constitución en 2003. As funcións do Cluster do Audiovisual –complementarias do impulso administrativo que corresponde ó Consorcio– deben centrarse en aumentar a concorrencia das empresas, programas de calidade, investigación e desenvolvemento, formación permanente dos recursos humanos, prevención de riscos, detección de oportunidades de negocio e necesidades loxísticas, cooperación interempresarial, dinamización do tecido industrial, exportación e presenza en mercados internacionais.

8. Creación do Instituto Tecnolóxico do Audiovisual: En liña co punto anterior, a medio prazo debería considerarse a creación do Instituto Tecnolóxico do Audiovisual, como vía de apoio específico ó I+D+I do sector audiovisual, e de apoio directo ás liñas de innovación tecnolóxica actualmente existentes, que deben manterse e potenciarse en toda a súa extensión.

• Eixo formativo: Horizonte Europa

9. Plan de formación 2002: Plan conxunto para o sector audiovisual, con implicación da CRTVG, das empresas do sector e da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Para a súa definición deben tomarse como punto de partida as conclusións do “Estudio de necesidades formativas do sector audiovisual galego”, realizado conxuntamente por AGAPI e a Consellería de Familia.

10. Integración recíproca do audiovisual galego e portugués na Euro-Rexión Galicia-Norte de Portugal: Posta en marcha de iniciativas comunitarias (INTE-



RREG, EURES) para potencia-la expansión natural –mutua e recíproca– do sector galego no Norte de Portugal e do portugués en Galicia; e por extensión, de ámbolos dous noutras zonas do Arco Atlántico.

Entre as dez propostas mencionadas, a posta en marcha do Cluster do Audiovisual ocupa un lugar estratéxico e prioritario, como condición necesaria para que as pequenas e medianas empresas galegas do audiovisual poidan acometer melloras estruturais e productivas que lles permitan encarar con garantías de calidade e prezos, os retos da internacionalización e a concorrencia.



---

## **4.- CONSIDERACIÓNS**

---

1.- O informe-opinión elaborado polo CES baséase no seu inicio no Plan Estratéxico do Sector Audiovisual 2002-2005, elaborado por AGAPI, e na análise dos datos económicos do sector. Este Plan Estratéxico cubre un baleiro importante co obxectivo de solucionar os problemas do sector antes sinalados e en aras de conseguir unha maior competitividade do sector en condicións análogas a outras Comunidades Autónomas.

Dada a importancia do sector e do Plan Estratéxico para o desenvolvemento do mesmo, o CES entende que sería necesario que se propuña un Plan de Competitividade conxunto que represente a todo o sector, creando un entorno asociativo cunha masa crítica suficiente para que sexa operativo.

2.- As industrias incluídas dentro do subsector telecomunicacións/audiovisual, integrando tamén certas actividades emerxentes de servizos ligados á produción e difusión de información, ocio e cultura, están incluídas dentro dos obxectivos finais e intermedios do PEDEGA –dictaminado polo Consello Económico e Social (dictame 1/99)– co obxectivo de configurar programas integrados de medidas para os complexos ou agrupamentos (clusters).

O CES considera que, a efectos de facer operativos os agrupamentos de empresas (clusters), debe de facerse unha división entre o subsector de telecomunicacións e o subsector do audiovisual. O vector de innovación representado pola industria audiovisual ten peso específico propio, sen prexuízo da súa cercanía con outros sectores como a industria das telecomunicacións, compoñentes electrónicos e material eléctrico, ou a que, máis xenericamente, se denomina, “industria do coñecemento”.

Convén precisar que o sector audiovisual ten características específicas que aconsellan considera-lo separadamente destes outros sectores, cos que ten, sen embargo, proximidade e complementariedade.

A especificidade (ou excepcionalidade) do audiovisual –que é norma e práctica habitual no conxunto do Estado e na Unión Europea– ven dada polo carácter cultural dos seus produtos. A diferenza de outros sectores, a excepción cultural –segundo a terminoloxía francesa– marca un tratamento da industria audiovisual nas políticas europeas prohibido noutros sectores. Así, os programas MEDIA I, II e Media Plus son programas específicos e concretos para a produción audiovisual.

Dito coloquialmente: os incentivos públicos a unha película ou unha serie de televisión non poden ser os mesmos que os incentivos a produción de teléfonos móbiles, ordenadores ou calquera compoñente electrónico. No caso de Galicia, o feito diferencial de lingua engade unha razón máis de peso que avala e xustifica o tratamento diferenciado do audiovisual.

A existencia dun idioma propio é unha característica que acentúa esta necesidade: a *bandeira* lingüística non debe ser considerada como un punto débil, senon que, a través do cluster do sector, ten a posibilidade de transformarse nunha vantaxe competitiva, nun mundo globalizado e uniforme no que a diferenza é un valor engadido.

Finalmente, debe sinalarse que a chamada industria do coñecemento, na que se inclúen efectivamente as telecomunicacións e demais actividades conexas, ven de poñer en marcha este mesmo ano a “cluster de la información y el conocimiento de Galicia”, impulsado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, co apoio do IGAPE e da Consellería de Industria e Comercio. É lóxico concluír, pois, que o sector audiovisual require, pola súas características, un cluster propio e un tratamento xustificadamente diferenciado.

O obxectivo deste informe-opinión é apoiar a formación do citado cluster, que responde a unha necesidade obxectiva propiciada polo rápido desenvolvemento tecnolóxico que está convertendo ó audiovisual nun sector estratéxico e de futuro.

**3.-** O CES entende que o sector do audiovisual en Galicia presenta tres problemas fundamentais:

a) Fragmentación empresarial: Dado o volume de facturación total do sector, existe un elevado número de pemes e mini pemes que determinan un tecido empresarial moi fragmentado. Unha das posibles solucións en aras de conseguilo incremento da competitividade do sector é a integración das súas redes productivas e a cooperación empresarial.

b) Consideración do sector: O sector do audiovisual debe de considerarse dende dúas vertentes distintas, cultural (artística e lingüística) e industrial, diferenciando claramente as políticas de carácter industrial das políticas de carácter cultural que se poidan levar a cabo no sector.

c) Continuidade da produción: A actividade do sector está ligada ó desenvolvemento de produtos concretos, o que leva asociado unha forte inestabilidade tanto na produción como no emprego. O desenvolvemento de produtos culturais

esixe a consolidación previa dun sector industrial produtor de contidos destinados ó gran público e, en consecuencia, á exportación.

O CES considera que estes problemas poderían ter unha mellor solución se o sector se desenvolvese dentro dunha estrutura de cooperación tipo cluster.

**4.-** O CES entende que a aposta de futuro do sector audiovisual pasa inevitablemente por establecer unhas relacións laborais de calidade, respectando o principio de estabilidade no emprego, a formación, as condicións económicas pactadas, a xornada e todo aquilo que esté contemplado nos convenios colectivos. A maiores desto está o manter as medidas de seguridade e saúde laboral que determina a Lei de Prevención de Riscos Laborais e os seus regulamentos para este sector.

**5.-** O sector audiovisual en Galicia necesita, non só, tal como se sinalou anteriormente, a potenciación da demanda, senón tamén que se creen as condicións de entorno axeitadas para o desenvolvemento da oferta. Dentro destas condicións cabe destaca-la formación e as axudas ó sector. Para acometer este proxecto considérase imprescindible a participación das administracións, particularmente a autonómica, pero non sería suficiente sen un compromiso forte e de futuro por parte dos empresarios.

No que respecta á formación, no marco do Plan Galego de Formación Profesional, obsérvase un esforzo dirixido a formar a técnicos especialistas na rama audiovisual.

Nas axudas ó sector existe unha clara desvantaxe respecto a outras Comunidades Autónomas como son Andalucía, Cataluña, Valencia ou o País Vasco. O CES entende que se deberían de incrementa-las axudas ó sector, co obxectivo de conseguir unha concorrencia en igualdade de condicións con outras Comunidades Autónomas.

Ademais das axudas á produción en lingua galega da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, as axudas financeiras dirixidas ó sector canalízanse a través do IGAPE, co Programa de préstamos para financia-la produción audiovisual na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES considera positivos os apoios da Administración ó audiovisual a través de préstamos en condicións de mercado a proxectos de produción con difusión fóra de Galicia. Neste senso, valoraranse como criterios prioritarios para a concesión de ditos apoios, entre outros, os seguintes:

- O volume de emprego mantido, así como o emprego creado en relación ó investimento proxectado.
- A cualificación técnica e experiencia no sector.
- O contido cultural.
- A utilización do idioma galego
- A orientación da produción á difusión fóra de Galicia.

**6.-** A Lei 6/1999, de 1 de setembro, que regula a actividade audiovisual, no seu artigo 5.1, reconece o carácter estratéxico e prioritario do sector audiovisual pola súa importancia social, cultural e económica.

O CES entende que dado ese carácter estratéxico debería tomarse en conta a constitución, tal como se observa no artigo 9.1 da citada Lei, do Consorcio Audiovisual de Galicia que terá como obxectivo promover a celebración de convenios de colaboración así como a creación dunha oficina do audiovisual para fomentar e facilita-las rodaxes en Galicia.

O dito Consorcio do Audiovisual é un complemento indispensable, no eido administrativo, doutras iniciativas como a examinada posta en marcha do cluster do audiovisual.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun







---

## **Anexos**

---

### **I.- Terminoloxía**

### **II.- Análise sobre o sector audiovisual galego**

Documento aportado polo director xeral de Comunicación Social e Audiovisual na súa comparecencia na Comisión Sectorial



## Terminoloxía

Como complemento ó informe-opinión, de seguido recóllese unha breve lista da terminoloxía utilizada, co obxecto de facilitar unha mellor comprensión do texto.

- **Cluster.-** Sistema organizado de relacións establecido ó redor dunha actividade ou dun produto que identifica o seu núcleo central.

Conxunto ou grupo de empresas pertencentes a diversos sectores, interrelacionadas mutuamente nos sentidos vertical, horizontal e colateral ó redor duns mercados, tecnoloxías e capitais productivos que constitúen núcleos dinámicos do sector industrial, formando un sistema interactivo no que poden mellora-la súa competitividade. As empresas e ramas que pertencen ó cluster establecen vínculos de interdependencia funcional para o desenvolvemento do proceso productivo e a obtención de determinados produtos.

Un cluster consiste na concentración de empresas e institucións dunha mesma zona xeográfica e sectores relacionados, xa sexan provedores especializados, parques tecnolóxicos e servizos de educación, información, reciclaxe ou apoio técnico. O obxectivo: compartir proxectos de innovación, investigación e desenvolvemento, aumenta-la capacidade competitiva, potencia-las áreas de formación, calidade e medio ambiente, detectar conxuntamente oportunidades de negocio e lograr unha visión multidisciplinar das características do sector no que operan. A estas metas xerais pódense engadir outras máis específicas, como a prevención de riscos ou a identificación de necesidades loxísticas. Desta forma perséguese solucionar de forma conxunta problemas globais do sector, que as pequenas e medianas empresas xeralmente non poden resolver individualmente porque carecen dos recursos necesarios para isto. (*Joaquín Viana, BBVA*).

A cooperación empresarial nun territorio (cluster) ten como obxectivo a realización dun Plan de Competitividade conxunto que vincule o entorno asociativo das empresas relacionadas, o entorno da administración territorial competente e os entornos financeiros e de formación dos seus recursos humanos.

- **Sector.-** Agregado de empresas que, na maioría dos casos, non garda ningunha relación entre sí.

- **Enfoque “abaixo-arriba”** ou **“bottom-up”**.- Este principio supón saca-lo máximo partido da experiencia e coñecementos dos axentes mais próximos e coñe-

cedores do contexto, para que poidan identifica-los problemas, solucións e necesidades a nivel sectorial.

- **Enfoque estratéxico-operativo.**- Este enfoque debe ser aplicado tendo en conta a planificación táctico-operativa a curto e medio prazo das empresas en accións que encaixen cos obxectivos a longo prazo e as prioridades establecidas polos seus sectores.

- **Enfoque integrado.**- Os esforzos do sector público e privado deben estar enfocados a un obxectivo común de incremento da produtividade e concorrencia.

- **Factores primarios.**- Costes e prezos.

- **Factores de diferenciación.**- Tecnoloxía, acceso a mercados, deseño, calidade, prazos, servicios...

- **Áreas clave de interese común.**- Aquelas de maior impacto sobre a concorrencia global do cluster.

- **Sector audiovisual.**- Conxunto de actividades que utilizan como vreiro de desenvolvemento e transmisión da mensaxe ós medios auditivos e visuais. (Artigo 1.5 Lei 6/1999, de 1 de setembro do Audiovisual de Galicia).

- **Industria audiovisual.**- Aquela que comprende negocios que teñen como fiestra ó público, o cine, a televisión en tódalas súas alternativas, o vídeo ou outros soportes de reprodución baseados no son e na imaxe, como o CD Rom ou os sistemas online.

## Análise sobre o sector audiovisual galego

Documento aportado polo director xeral de  
Comunicación Social e Audiovisual  
(Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia)  
na súa comparecencia na Comisión Sectorial

### INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento do sector audiovisual constitúe un dos trazos definitorios do século XX. Agora, neste fin de século, o sector audiovisual atópase ó borde dunha transformación, a punto de experimentar unha especie de revolución iniciada hai algúns anos como consecuencia dos cambios que operan no seu entorno.

	Actividades cinematográficas e de vídeo				Actividades de radio e televisión		
	Prod. Cine e vídeo	Distribución de películas	Exhibición de películas	Total	Actividades de radio	Prod. E emisión de program. TV	Total
Número de empresas	2.096	573	759	3.427	556	552	1.108
Persoal ocupado	10.205	2.245	6.851	19.301	10.161	19.489	29.649
Volume de negocio	126.835	128.008	73.121	327.964	87.383	478.409	565.792
Tamaño da empresa	4,4	3,9	8,9	5,3	18,1	35,3	26,6
VEB acf	52.880	30.540	24.754	108.175	54.620	125.181	179.802
Excedente Bruto de Explotación	28.915	22.942	11.656	63.514	9.294	21.498	30.793
Gastos de persoal	23.965	7.598	13.098	44.661	45.326	103.683	149.009
Remunerados/Ocupados	81,1	72,5	91,3	83,7	94,2	67,4	96,3
Remunerados fixos/Total remunerados	45,7	83,8	67,1	57,8	80,5	70,8	74,0
Mulleres/Ocupados	34,2	39,9	39,5	36,8	36,7	35,1	35,6

Fonte: Encuesta de Servicios Audiovisuales en España do INE


Do mesmo xeito que a banda de son e a película en cor transformaron a industria cinematográfica e a televisión en cor cambiou o medio televisivo, atopámonos agora no inicio dunha nova era da que o seu motor vai se-la tecnoloxía dixital.

O espectacular aumento de canles e soportes, os avances tecnolóxicos inmersos na produción e a difusión e a loita aberta por controlar redes de difusión, confirman o presente e condicionan o futuro desta industria e a súa necesidade de constante adaptación.

É evidente a importancia capital da industria audiovisual para calquera sociedade. Para a maioría é a principal fonte de información non só do que pasa no mundo senón da natureza dese mundo. Desempeña un papel fundamental no desenvolvemento e transmisión dos valores sociais e inflúe non só no que os cidadáns ven, senón tamén en cómo entenden o que ven. É a principal fonte de ocio e cultura.

O mercado audiovisual atópase nun momento decisivo da súa evolución e o futuro é complexo e difícil de predecir. O perigo é que a proliferación de canles froito da tecnoloxía dixital, acentúe aínda máis a fragmentación do mercado, facendo máis difícil que os produtores europeos compitan coas producións americanas.

Como no resto do Estado español, tanto o número de títulos estreados, como as cifras de recadación, o número de espectadores por película ou a asistencia media, evidencian tamén no caso galego un claro dominio do cine norteamericano. No período entre 1993 e 1997, dentro do mercado cinematográfico de Galicia os espectadores de películas estranxeiras (na súa maior parte estadounidenses) supoñen unha cifra próxima ó 90% do total para tódolos anos, se ben se aprecia un certo descenso de peso no último ano.



## O ENTORNO INTERNACIONAL DO AUDIOVISUAL GALEGO

A hexemonía das producións americanas no mercado audiovisual tanto europeo coma mundial é unha das características ben coñecidas deste século, a fortaleza da industria norteamericana demostra a importancia do vínculo produción e distribución. En Europa, polo contrario, mentres que a produción é florecente desde o punto de vista cuantitativo, a capacidade da industria audiovisual europea para distribuír os seus produtos deixa moito que desexar.

Actualmente, en parte dos mercados europeos existen situacións de bipolaridade así, mentres que por unha parte, a programación de televisión consta principalmente de produtos de orixe nacional ou americano, por outra, o cine está dominado en maior ou menor medida por películas americanas quedando o resto do mercado principalmente para películas de orixe nacional.

En ambos casos, o material europeo non-nacional aparece xeralmente nun afastado lugar. A maior debilidade de Europa está na escasa circulación de películas non-nacionais, precisamente alí onde a presenza americana é máis forte.

As razón da hexemonía norteamericana nos mercados audiovisuais europeos e mundiais

*Cota de mercado de películas da Unión Europea, Estados Unidos e España en 1997*

	Número de películas	%	Número de espectadores	%	Total recadación	%
Unión Europea	732	29,93	17.838.026	16,98	10.126.436.925	17,25
Estados Unidos	759	48,13	71.893.680	68,44	40.076.641.972	68,27
España	260	16,49	13.731.469	13,07	7.645.204.090	13,02
Outros	86	5,45	1.581.695	1,51	854.283.908	1,46
<b>Total</b>	<b>1.577</b>	<b>100</b>	<b>105.044.870</b>	<b>100</b>	<b>58.702.566.895</b>	<b>100</b>

Fonte: ICAA

son de moi diversa e variada índole pero a cuestión fundamental que se suscita é saber se a explosión da demanda de material audiovisual que se prevé, será satisfeita con producións europeas ou con importacións.

O mercado audiovisual europeo xa está fragmentado pola súa propia diversidade cultural e lingüística. O perigo é que a proliferación de canles froito da tecnoloxía dixital acentúe aínda máis a fragmentación do mercado, facendo máis difícil que os produtos europeos compitan cos americanos. A isto, hai que engadi-la preocupación crecente que existe entre os cidadáns europeos pola calidade dos programas audiovisuais. Moitos cren que hai demasiada violencia, que pode incitar ós xoves a comportamentos similares na sociedade.

Non obstante, Europa debe preservar-la súa diversidade lingüística e cultural e defende-los seus valores esenciais: na era dixital, se están abrindo grandes oportunidades que Europa debe aproveitar se non quere que outros o fagan no seu lugar.

Considérase, en xeral, que hai que facer máis para protexe-los nenos contra os contidos nocivos e que é preciso ofrecerlles programas que lles entreteñan e eduquen á vez. A solución radica nunha industria de produción europea cada vez máis competitiva e sólida.


## O ÁMBITO DO AUDIOVISUAL GALEGO


### ● O entorno económico

Aínda que o obxectivo a longo prazo puidera se-la creación dunha industria galega sen necesidade de apoio público nin de intervención, isto parece case imposible de acadar nun futuro próximo. A produción de películas con potencial nacional e incluso internacional é custosa e por isto o acceso a este segmento do mercado é difícil e o mesmo ocorre cos telefilmes ou documentais.

Pero ó mesmo tempo, o sector audiovisual desenvolve un papel cultural e social de vital importancia, por isto, a Xunta de Galicia apostou decididamente polo apoio ó sector consciente do perigo que un mercado audiovisual dominado polos produtos culturais doutras sociedades podería levar, chegando o caso, a unha cidadanía parcialmente alienada do seu propio patrimonio cultural e histórico.

A Xunta de Galicia contribuíu ó crecemento do sector, ás súas expectativas do mercado e ó empuxe do empresariado audiovisual de Galicia, especialmente a través das subvencións que anualmente convoca a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, destinadas á realización de proxectos cinematográficos, vídeos, gráficos ou multimedia en lingua galega. As axudas





da Consellería supoñen un 48% con respecto ó total do financiamento.

Tamén desde outras Consellerías e organismos da Xunta de Galicia préstase un apoio económico-financiero decisivo para o desenvolvemento do sector: axudas á innovación empresarial da Consellería de Industria, axudas do IGAPE.

### ● **O entorno formativo-educativo**

De todos é sabido que a formación é un instrumento de política activa de mercado de traballo, que serve para adapta-las cualificacións profesionais ás necesidades do mercado. Para potencia-lo crecemento, a competitividade e o establecemento de emprego socialmente aceptable, a educación e a formación desempeñan un papel determinante.

O sector audiovisual vive marcado por un proceso de constante transformación da man de novas tecnoloxías que crearán un novo escenario para a comunicación audiovisual. A multimedia, entendida como combinación das telecomunicacións, a informática e o sector audiovisual, aparece como un dos temas de maior actualidade.

A Comunidade Autónoma galega conta con 2 centros de **secundaria** que imparten ciclos formativos directamente relacionados co audiovisual que son:

- A Escola de Imaxe e Son da Coruña.
- A Escola de Imaxe e Son de Vigo.

O conxunto dos títulos profesionais de Comunicación, Imaxe e Son que imparten, pretende cubri-las necesidades formativas correspondentes ós profesionais dos sectores de cine e vídeo, fotografía, publicidade, radio, televisión, espectáculos ou axencias de noticias.


Tamén relacionados co sector audiovisual, poden cursarse na nosa comunidade autónoma os seguintes **estudios universitarios**:

- Licenciatura de Publicidade e Relacións Públicas.
- Licenciatura de Periodismo.
- Licenciatura en Belas Artes da Universidade de Vigo.

Respecto ós estudos de **terceiro ciclo**, son de destacar:

- Programa de doutorado Comunicación, Publicidade e Relacións Públicas.





*Oferta de títulos de formación ocupacional na área de comunicación. 1996-1999*

	1996	1997	1998	1999
Editor de vídeo	-	1	2	2
Fotografía	-	1	-	-
Imaxe e Son	1	1	1	-
Locutor de radio-TV	3	5	4	5
Operador de cámara	2	5	3	2
Producción de vídeo e TV	6	2	1	4
Producción radiofónica	-	2	2	-
Técnico de son	-	-	-	1
<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>17</b>	<b>13</b>	<b>14</b>

Fonte: Elaboración propia, a partir de datos da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

- Programa de doutorado A Comunicación Audiovisual: realidade ou ficción, organizado pola Facultade de Periodismo.

Por outra parte, os **cursos de posgrao** que imparten as nosas universidades teñen por obxecto adiantarse na formación de profesionais capaces de afrontar con garantías os retos da sociedade de información abordándose os aspectos da comunicación na era dixital:

- Curso de posgrao A Comunicación na Era Dixital, impartido pola Universidade de Santiago.
- Programa en Creación e Comunicación Dixital da Universidade de A Coruña.
- Programa de posgrao en Estudos Teatrais e Cinematográficos da Universidade de A Coruña.
- Programa de posgrao en Producción e Xestión Audiovisual.
- Curso de posgrao de Producción Cinematográfica.
- Curso de posgrao de Producción Televisiva.
- Máster en Medios de Comunicación.
- Programa de posgrao en Telemática no que colabora a Consellería de Cultura.

A **Formación ocupacional**, destinada ó colectivo de desempregados, artículase en torno a unha serie de cursos gratuítos, xa sexan do Plan de Formación e Inserción Profesional, do Fondo Social Europeo ou da propia Consellería de Familia.

● **O entorno administrativo**

A primeira proba da potenciación institucional das accións tendentes ó desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia plásmase na existencia de distintas institucións con competencia no ámbito audiovisual:

- A **Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual** da Consellería de Cultura,

Comunicación Social e Turismo; correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións en materia de telecomunicacións, audiovisual e multimedia, e tódolos aspectos que poidan derivarse da aplicación das novas tecnoloxías da comunicación e a información.

- O **Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual**. Que se configura como o órgano superior de asesoramento da Xunta de Galicia en telecomunicacións e audiovisual.

- O **Centro Galego de Arte da Imaxe (CGAI)**, unidade integrada na Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual e que se configura como centro artístico técnico para a recuperación, custodia, documentación, promoción e difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe en xeral.

Tamén a Lei do audiovisual de Galicia, contempla a creación dun Consorcio, no que poidan participar entidades sen fin de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións e entidades públicas integradas nel. O seu fin non é outro que a promoción e potenciación institucional das accións orientadas ó desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia.

#### **• O entorno xurídico**

A Lei do Audiovisual de Galicia é a mostra máis palpable do estímulo que por parte do Goberno galego se pretende dar á potenciación do crecemento e desenvolvemento deste sector estratéxico, coa creación dun marco legal que permita ós cidadáns a súa expresión cos medios oportunos no espacio audiovisual galego.

Outros fitos, xuridicamente falando, para o sector audiovisual son a Lei 9/1984, de 11 de xulio, pola que se creou a Compañía de Radio e Televisión de Galicia, entidade de dereito público, a quen lle corresponde a regulación e xestión dos servizos de radiodifusión e televisión competencia da Comunidade Autónoma.

Mediante o Decreto 58/1997, de 20 de febreiro, creouse a Sociedade Pública Redes de Telecomunicación de Galicia (RETEGAL) que asume a responsabilidade de planificar e xestionar as actuacións tendentes ó desenvolvemento de infraestruturas, así como deseñar estratexias de futuro.

### **OS SECTORES DO AUDIOVISUAL GALEGO**


#### **• Longametraxes**

Durante a década dos 80 e principios dos 90 Galicia estivo por debaixo doutras Comunidades históricas en canto ó número de películas feitas. Para o conxunto da industria, Galicia era un escenario apetecible para todo tipo de producións pero as produtoras que xurdían en aqueles momentos en Galicia eran de tipo modesto e incluso familiar tratándose de empresas de capital escaso, con pouca ou nula capacidade para acceder ós mercados interiores ou exteriores e na súa maior parte dependente dos recursos alleos.

A partires do ano 1990 podemos dicir que nos atopamos ante unha década de continuo crecemento do audiovisual en Galicia, froito en grande medida do apoio que desde a Administración autonómica se lle deu ó sector que, lentamente pero sen pausa, foi crecendo ano tras ano. O 29% das produtoras galegas de cine son posteriores a 1995.

O ano 1998 supón a consolidación do sector cinematográfico galego, a xulgar polo número de longametraxes producidas por empresas galegas. O sector audiovisual en Galicia de ser descoñecido pola súa escasa importancia económica e profesional pasou a ser exemplo dun proceso de crecemento, profesionalización e innovación tecnolóxica.

Polo que se refire ás cifras do número de espectadores e recadación, o mercado cinematográfico galego mostra unha tendencia crecente desde 1993, tanto o número de espectadores coma o volume de recadación ou salas de exhibición.



**Películas producidas en Galicia**

Películas	Productoras (1)
La gran comedia Gallego	Atlántico Films, SL. Sancho Gracia Producciones Cinematográficas, SA. e T. V.G. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Sempre Xonxa	Producciones Cinematográficas Piñeiro, S.A., TVG, Sociedad Estatal Quinto Centenario. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Continental	Xavier Villaverde Asociados, S.L. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Urxa	C.A. López Piñeiro e Xosé Xoan Cabanas Cao, S.c., TVG e Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
El juego de los mensajes invisibles	Atlántico Films, SL.
Martes de Carnaval	Jairre Fernández Cid, Margen Análisis e Imagen, SA e Cartel S.A., Creativos Asociados de RTV, S.A., Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Huídos	Sancho Gracia Producciones Cinematográficas, SA., Telemadrid e Canal Sur Televisión
El baile de las ánimas	Margen Análisis e Imagen, S.A. e Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Producción asociada de Los Filmes del Buho
Tirano Banderas	Ion Films, Iberoamericana Films Producción, S.A., Atrium Producciones, S.A., Promociones Audiovisuales Reunidas, S.A., Antena 3 TV, Luz Directa, ICAIC e Cinematográfica del Prado
A metade da vida	Fenda Films, S. Coop. Ltda., TVG e Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Dame lume	Sun Lúa, SL., Vici Producciones, SL., Canal + e Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
La leyenda de la doncella	Atlántico Films, SL.
La ley de la frontera	Adai Films, SL., Shazam, S.A. e C.P.A., S.L.
La Moños	Bailando con todos, S.L. e Adai Films, SL., TVE, S.A., Canal + y TV3
Dame algo	Benjamin P.C. e Sun Lúa, SL., Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Inés de Portugal	Imagen Real, Continental e Televisión de Galicia
La novia de la medianoche	Encuadre Producciones de Cine, SL. e Televisión de Galicia. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia
Nena	Xamalú Filmes, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, TVG e Canal +
Un buen novio	Cre-acción Films, Adai Filmes e Plató Films
Arde amor	Fenda Films, S. Coop. Ltda.
Blanca Madison	Vici Producciones, SL. e Adai Films, SL.
Cuando el mundo se acabe, te seguiré amando	Atlántico Films, S.L.
Finisterre. Donde se termina el mundo	Continental Producciones, Xavier Villaverde Asociados e Tomasol
Frontera Sur	Tomasol, SOGECINE, Continental Producciones, Road Movies, Blue Daplia, Aleph

(1) en cursiva as galegas  
Fuente: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

**Salas de exhibición en Galicia. Cines y pantallas. 1993-1997**

	1993	1994	1995	1996	1997
Cines	81	87	86	82	80
Pantallas	105	121	124	151	161

Fonte: elaboración propia a partir de datos do ICAA

● **Curtametraxes**

A historia da cinematografía galega camiña da man da produción de curtametraxes. Un dos antecedentes da produción cinematográfica e o vídeo en Galicia cabería sinalo no chamado Equipo 64, que parece como tal no ano 1964. Posteriormente, grupos de cineastas afeccionados xogaron na década dos 70 un papel tremendamente importante como elemento aglutinante de inquietudes próximas no ámbito audiovisual, como nexos de unión e ademais como vía de producións dos primeiros curtos galegos.

**Curtametraxes producidas en Galicia 1980-98**

Título	Director	Ano	Título	Director	Año
Laxeiro en Galicia	Ismael González	1980	Nacimiento de un río	Rafael Sabugueiro	1987
El castaño	Eloy Lozano	1980	El pórtico de la gloria	Rafael de la Cueva	1988
Jacobeo	Lorenzo Velayos	1980	Lembrando a Xelmírez	Rafael de la Cueva	1989
Vestida de fiesta	Juan Pinzás	1981	Maruxía	XL Castro	1989
Augurio	Juan Pinzás	1981	O respaldador da morte	Milagros Bará	1989
Vicus Spacorum	Pilar Sueiro	1981	Hardo	Manuel Abad	1989
Virginal	Juan Pinzás	1981	Extraños en la noche	Alber Ponte	1990
Vestida de fiesta	Juan Pinzás	1981	Cual dos extraños	Alber Ponte	1991
El tubo de rayos catódicos	Juan Pinzás	1981	Atlántico Express	Alber Ponte	1993
Augurio	Juan Pinzás	1981	Entrevista	Eloy Lozano	1993
Cascarón de nuez	José Luis Defez Schmidt	1981	O párroco embaucado	José Carlos Soler	1993
Cien puntos para Julián Pintos	Juan Pinzás	1981	Vete, Davis	Alber Ponte	1993
Homo Hominis Opus I	Juan Pinzás	1981	Alegrías de Puerta Tierra	Virginia Curiá	1994
Pensión completa	Juan Cuesta	1981	La fiesta y otras aventuras de Pio	Eduardo Gabín	1994
Sobre ruedas	José Luis Defez Schmidt	1982	La repesca	Sandra Sánchez	1994
Una historia gallega	Juan Pinzás	1982	O desexo	Miguel Castelo	1994
Gula	Juan Pinzás	1982	O milagre da carne	Javier Codesal	1994
Retazos gallegos	Pilar Sueiro	1982	¿Qué le pasó a mi Johny?	Alber Ponte	1994
Tacón	Xavier Villaverde	1982	iAproba!	Alfonso Arauz	1995
Añoranzas	Juan Pinzás	1982	A gran liquidación	Jorge Coira	1995
El rito	Juan Pinzás	1982	A repesca	Sandra Sánchez	1995
Hechizo	Juan Pinzás	1982	A todo tren	Lidia Mosquera	1995
Insectos	José Luis Defez Schmidt	1982	Contar	Manuel Abad	1995
Juego decisivo	Juan Pinzás	1982	Coruña imposible	Francisco Rañal	1995
Reflexos	Carlos Amil	1982	La sangre del enemigo	Miguel Calderón	1995
Tacón	Xavier Villaverde	1982	Tornabón	José Carlos Soler	1995
Lugares encantados	José Luis Defez Schmidt	1983	¿De donde chamas? Anónima amenaza	David Breijo Roca	1996
Jabón espumoso	José Luis Defez Schmidt	1983	Afonía	Chema Gagino Vidal	1996
Cinefilia	Juan Pinzás	1983	Cabeza de boi	José Carlos Soler	1996
Mujer, mujer	Juan Pinzás	1983	Cuba libre	José González Ducid	1996
La esfera	Juan Pinzás	1983	Edipo y Techné	Ignacio Vilar	1996
Carmin	Juan Pinzás	1983	Grande de Cuba	Beatriz del Monte	1996
Cerca de los girasoles	José Luis Defez Schmidt	1983	La vida es un dolor	Luis Liste Lazara	1996
La tercera mujer	Juan Pinzás	1983	Mátame unos cuantos	Alber Ponte	1996
Muñeca azul	Juan Pinzás	1983	Metnorias de un amante neurótico	Cheché Carmona	1996
Uliseses	Lorenzo Velayos	1983	O matachín	Jorge Coira	1996
Insólito paisaje	José Luis Defez Schmidt	1984	Paranoia dixital	Ángel de la Cruz	1996
Hormigueros	José Luis Defez Schmidt	1984	Recuerdos de un amante neurótico	Cheché Carmona	1996
El vuelo del caracol	José Luis Defez Schmidt	1984	Sin motivo aparente	Eduardo Gabín	1996
El primer periscopio	José Luis Defez Schmidt	1984	Sitcom show	Ángel de la Cruz	1996
Curiosidades de las arañas	José Luis Defez Schmidt	1984	The end	Carlos Alberto Alonso	1996
Embarque	Carlos A. López Piñeiro	1984	Cuaderno de bitácora	Tomás Conde y Virginia Curiá	1997
Hormigas	José Luis Defez Schmidt	1984	Isolina do Caurel	Chema Gagino Vidal	1997
La danza de las alas	José Luis Defez Schmidt	1984	Nut	Ángel Fernández de la Parra	1997
Loaira	X. L. Martínez Cameiro	1984	O cambio	Ignacio Vilar	1997
Mamasunción	Chano Piñeiro	1984	Tele vapor	Ricardo Llovo y Paco Carvallés	1997
Mariquita en el país de las maravillas electrónicas	José Luis Defez Schmidt	1984	Noite meiga	Tomás Conde y Virginia Curiá	1998
Morrer no mar	Alfredo García Pinal	1984	Sabes que te quero	Manolo Gómez	1998
O segredo	Daniel Domínguez e Uxia Blanco	1984	A danza de Katuska	Alfonso Vilas Zarauza	1998
Os homes e a noite	Antón Caeiro	1984	Aínda mais difícil	Ángel de la Cruz	1998
Sons e voces na noite	Juan Cuesta	1984	Herbronx Killer		1998
Tres minutos	X. L. Martínez Cameiro	1984	Unha estrela	José Luis Ducid	1998
Villanos	X. L. Martínez Cameiro	1984	Disonancias	Ignacio Vilar	1998
Viuda Gómez	Xavier Villaverde	1984	Amor serrano	Luis Liste	1998
Decímolos ou non o decimos	Manuel Yáñez Castro	1985	A ti cómo se che dí Adeus	Jorge Coira	1998
Só para nenos	Milagros Bará	1985	Si lo sé no vengo	Formato Vídeo	1999
Esperanza	Chano Piñeiro	1986			
Noa e Xoana	Luisa Peláez	1986			
Río de sombras	Daniel Domínguez	1986			

Fuente: *Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo*

O ano 1980, ano en que fracasou a película *Malapata*, sumiu nunha crise de identidade ó cine galego que paraliza practicamente a súa produción. A partires de 1984, froito en grande medida da política subvencionou da Xunta, iniciase un repunte na produción.

Recentemente, en 1994, a Escola de Imaxe e Son da Coruña lograba supera-la súa principal limitación, o traballo exclusivo en vídeo, que posibilitou a realización dunha serie de curtametraxes entre 1994 e 1997 nos que a cidade da Coruña era a protagonista. A conclusión máis importante desta iniciativa é que aparece unha nova xeración de creadores e equipos con unha alta cualificación profesional, o que se deixa notar no alto nivel de realización dos seus filmes.

**● O vídeo**

Os inicios da vídeo-creación en Galicia, nos anos 1982-83, organizase en torno ás produtoras industriais, surxidas da iniciativa dos antigos membros do grupo Imaxe. O soporte electro-magnético sería a súa única posibilidade de profesionalización xa que por entón ninguén vivía en Galicia da produción de imaxes. Naqueles anos, alternábase a produción industrial con peque-


Vídeos producidos en Galicia		
Título	Ano	Director
4 escultores		Eloy Lozano
Crisalida		(Espello Vídeo-Cine)
Muller atrapada		Antonio Simón
O tubo de raios catódicos		Ignacio Pardo
Teoría relativa		Xosé Búa
Denantes	1984	Manolo Abad
24x25	1984	Antón Caleiro
Alicia en Galicia Canibal	1984	Xavier Villaverde
Salvamento e socorrismo	1984	Antón Reixa
Veneno puro	1984	Xavier Villaverde
Chove contra pasado	1985	Antón Reixa
Sexo macumba	1985	
Videoviolín	1985	Ignacio Pardo
Bremen Onde	1986	Briset/Soleira
Durme Rainer estás morto	1986	Antón Segade
Prólogo	1986	Manuel Abad
Tránsito	1986	Ignacio Pardo
Valle de lágrimas	1986	Pgbellas y Represa
Andando a terra	1988	Videoproducción Iris
Os derradeiros batáns	1988	Xosé M <sup>a</sup> Lema y Moncho Pérez Rei
Aguardiente	1988	Manuel Mádarnas
Ai amante	1988	Antonio Segade
Cadros	1988	Anxo Rei
Código	1988	Xesús Vecino (Luz Directa)
Galicia, sitio distinto	1988	Antón Reixa (Videoesquimal, SA.)
Numeralia	1988	Eloy Lozano (Zu)
Saudade de pedra	1988	(Favorita)
Ferrol: historia dunha terra	1989	Guillermo Llorca Freire (Ateneo Ferrolán)
Na percura do Santo Grial	1989	Xulio Xiz (Ophiusa)
VIII Bienal Internacional de arte. Conceptos en torno a arte actual	1989	Susana Maceiras (CAI)
María Soliña	1989	Manuel Yáñez (Milagros Bará, P.C)
Procedimiento A3	1989	Pedro Presedo
Vórtice	1989	Pgbellas
A ponte de cristal	1990	Gustavo Adolfo Garrido (Faro TV)
O carnaval de Laza	1991	Xavier Villaverde
Os faros galegos	1991	Xosé Xoan Cabanas Cao (Espello Vídeo-Cine)
Outra ollada ó Salnés	1991	(Universidade Popular do Salnés)
Patrimonio galego: as pontes	1991	Antón Caleiro y Juan González
A vinganza do Hall 9.000	1991	Jorge Moroto (Espello Vídeo-Cine)
Dulce Niágara	1991	Daniel Domínguez (A Serpe do Caravel)
El final del romance	1991	
Interior Negro	1991	Xavier Villaverde
Play Off	1991	Xosé L. Rodríguez Sanz
Poemas Galegos de Federico García Lorca	1991	Manuel Abad
Ringo Rango	1991	Antón Reixa y Antón Segade (Videoesquimal Produccións)
Se queres ve-lo Fuji toma unha	1991	Pedro G. Losada (Luz Directa)
365	1992	Manuel Abad
Distrito Picasso	1995	Chema Gagino
O espello	1995	D. Mayo
A grande viaxe	1996	José Antonio Jiménez
Infección palúdica	1996	Juan Lesta
Luna menguante	1996	Juan Carlos Navarro
Vídeo doméstico	1996	Chema Gagino
Cargo de conciencia	1997	Jesús Pando
Érase una vez en Compostela	1997	Claudio Botelho
Heroína	1997	Modesto Pena
Kompostela Kapital Bravú	1997	Basilio Martín Patino
O carrabouxo	1997	Lhosca Arias
Pegadas	1997	Llorenç Soler
Quintana sinfonía de Compostela	1997	Belkis Vega
Retratos	1997	Patricio Guzman
Seixa	1997	Alberto Vilanova

Fuente: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

nos experimentos persoais, nos que se explotaban as posibilidades técnicas e visuais dos novos equipos.

En canto ó contido e a temática, é posible observar como nalgún deles dáse un compromiso evidente coa realidade galega, mentres que outros autores interéñanse máis pola investigación sobre estruturas formais, sen referentes culturais nacionalistas, máis preocupados por certo tipo de comunicación directa, universal, que prescinde de particulares localismos. No resto das cintas é posible encontrar outros temas como a realización da música coa experimentación formal e a presenza dos propios medios de comunicación.

Nos últimos anos continúa a tradición creadora de vídeos e documentais das produtoras galegas. A Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual firmou recentemente coa distribuidora Filmax un acordo para a difusión do idioma galego nas salas de cine comercial e nos circuitos de vídeo da comunidade galega. Nel establécese o compromiso de editar en galego 24 películas en vídeo de cine infantil e familiar, para o seu lanzamento ó mercado a través de toda a rede de videoclubes de Galicia.



### • A televisión

A televisión en aberto presenta en Galicia, ó igual que o no Estado español, a seguinte estrutura:

- A televisión pública, composta por o centro Territorial de Televisión Española e a canle autonómico, Televisión de Galicia
- A televisión privada, composta fundamentalmente por 2 canles privados: Antena 3 e Tele 5, que emiten a través de Atlas Galicia.
- As cadeas locais.

A **Televisión de Galicia** iniciou a súa programación o 24 de xullo de 1985, comezando a programación regular en setembro dese mesmo ano, con 39 horas de emisión, que na actualidade pasan as 104 horas.

O centro de produción e emisión de programas, situado en San Marcos, posúe a máis avanzada tecnoloxía e equipamento para a produción, realización, edición e emisión.

Nestes momentos a TVG atópase en fase de implantación do formato Betacam Dixital como estándar de produción. Ademais está prevista a dixitalización completa e automatización do estudio de continuidade cara o final do ano mediante a incorporación dun sistema robotizado para manexar cintas e un servidor de vídeo para a emisión de anuncios e autopromocionais.

Tamén puxéronse en marcha as emisións en sistema NICAM-Dual-Estéreo para toda Galicia a principios de 1995. Desta maneira, o espectador que teña un receptor de televisión dotado con este sistema pode elixir o son da versión orixinal, coas voces reais dos actores, ou ben a versión dobrada en galego. En outubro do mesmo ano, a TVG pasou a emitir os filmes en sistema Pal Plus, a pantalla de formato ancho como a do cine.

A dixitalización da transmisión de produción permitirá non só as futuras transmisións dos programas por cable ou vía satélite, senón tamén acercar a súa mensaxe a tódolos cidadáns galegos dispersos polo mundo.

A TVG experimentou nos últimos anos un constante crecemento de telespectadores e por outra parte, 9 dos 10 programas máis vistos en Galicia no primeiro trimestre de 1999 foron emitidos pola Televisión de Galicia.

A programación da TVG está pensada para a idiosincrasia galega e abrangue tódolos aspec-

**Distribución das horas de emisión total da TVG segundo tipoloxía do programa**

Programas	Porcentaxe
Programas	26,12
Informativos	21,21
Deportes	7,47
Programas infantís	10,46
Documentais	2,35
Longametraxes	13,39
Series TV	9,68
Telenovelas	1,87
Otros	7,45

Fonte: elaboración propia a partir de datos do ICAA

tos da sociedade á que vai dirixida. O éxito da programación propia ratifica a liña iniciada pola dirección da empresa, éxito que confirma a máxima audiencia de programas como os informativos, programas infantís, deportivos ou musicais.

Respecto ás **televisións privadas** que operan en Galicia están Antena 3 que iniciou as súas emisións na Comunidade no ano 1996 e Atlas Galicia, constituída en febreiro de 1998 e que opera como axencia audiovisual para o ámbito galego. Desde maio de 1998, leva a cabo as contribucións de noticias sobre Galicia para tódolos informativos de Tele 5.

Dentro do proceso de introducción da **Televisión Dixital terrestre**, iniciouse a implantación do servizo nos canais 57 a 65, destinados ó establecemento de redes de frecuencia única de ámbito territorial autonómico e provincial e de redes de transmisor único de cobertura local. Para a zona de Galicia, a asignación de canles destinados ó establecemento dunha rede global de cobertura nacional con capacidade para efectuar desconexións territoriais é a seguinte: A Coruña no canle 61, Lugo o 59, Ourense o 62 e Pontevedra o 63.

En canto á oferta dos operadores de **sistemas de televisión de pago** en Galicia, atópanse fundamentalmente:

- **R Cable**. Que constituíuse en Galicia en tres demarcacións para o servizo de telecomunicacións por cable, tal e como contempla a Lei de Telecomunicacións por cable, que son A Coruña, Santiago de Compostela e o resto de Galicia. Todas elas foron convocadas en concurso público o 28 de maio de 1998, que foi gañado polo grupo Cable, que se converteu así no operador global de servizos de telecomunicacións por cable en Galicia. A oferta de canles televisivos de R Cable, nome adoptado na actualidade pola empresa, parte da integración de servizos de telefonía e audiovisual, ata o punto de que a televisión é un negocio adicional ó servizo de telefonía.

**Composición do accionariado de R Cable**

Accionista	Participación inicial	Participación actual
Unión Fenosa	37,5	37,5
Caixa Vigo	37,5	37,5
Faro de Vigo	15	10
Grupo Zeta	10	10
Inversiones Gallegas del Cable, S.A.		5

Fonte: Elaboración propia, a partir da información de R Cable

- As televisións locais por cable, de iniciativa principalmente privada, xurdida de colectivos cidadáns ou con algún tipo de apoio das autoridades locais.

- Ademais, a TVG é recibida tamén a través de Vía Dixital.

- Canal+, en oferta para todo o Estado, xa que Galicia non conta cunha oferta de televisión dixital específica, senón que é partícipe do paquete ofrecido a nivel nacional.

## O SECTOR MULTIMEDIA EN GALICIA

Actualmente, temos en Galicia toda unha serie de empresas dedicadas á produción multimedia que xurdiron nos últimos anos ó fío dos importantes avances no sector multimedia, empresas que aplican no deseño dos seus produtos sistemas interactivos baseados na máis alta tecnoloxía, empresas especializadas en produtos de entretemento, no desenvolvemento integrado no sector multimedia, na aplicación das tecnoloxías da información para o desenvolvemento de proxectos culturais e educativos, que aplican os últimos avances informáticos ó mundo da imaxe ou empresas dedicadas á creación de páxinas Web e á prestación de servizos audiovisuais, tais como infografía, produción ou postprodución.

Polo que se refire ás producións galegas **off line** do sector multimedia, é posible distinguir varias tipoloxías:

**1.** CD Roms:

- de entretemento: *Quick Magic, El templo de Galizar.*

- Corporativos ou institucionais.

- Culturais, divulgativos ou educacionais: *Ciudad visual Compostela, Los secretos del Camino.*

**2.** Producións de animación: *El bosque animado, Os vixilantes do Camiño.*

**3.** Exposicións, presentacións e vídeos multimedia: *Exposición Camiño de Santiago Virtual.*

Respecto ás principais producións galegas **on line**, Internet permite por unha pequena inversión publicar unha información de maneira que calquera persoa de calquera parte do planeta e a calquera hora do día poida consultala. Por primeira vez trázase un sistema de comunicación directo, no que verdadeiramente podemos escoller e interpreta-la información sendo nós o único filtro.

Segundo datos dun informe tecnolóxico encargado pola Xunta na que se estudia a implantación das tecnoloxías da información e as comunicación nas empresas de Galicia, o 65% das PEMEgalegas xa teñen acceso a Internet, pero só o 7% das mesmas dispoñen dunha páxina propia.

- Servidores Web institucionais ou da administración: páxina do Xacobeo 1999, páxina do goberno autónomo, páxina da Asociación Galega de Guionistas.

- Servidores Web empresariais.

- Outros Web como o portal a través do que se accede a información cultural, económica e social de diversas zonas xeográficas galegas, o Web das Rías Baixas, etc.